



Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade da Coruña

## TRABALLO FIN DE MESTRADO

A participación das persoas traballadoras na empresa.  
Unidade didáctica do módulo de FOL

La participación de las personas trabajadoras en la empresa.  
Unidad didáctica del módulo de FOL

Workers' involvement in the company. Lesson plan of FOL module

Josué Vilches Losada



Especialidade: FOL

Directora do TFM: Neves Arza Arza

Data de peche do TFM: 15 de xuño de 2016

# Índice

1. <b>INTRODUCCIÓN</b> .....	1
2. <b>FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E LEGAL</b> .....	3
2.1. <b>Fundamentación sociolóxica</b> .....	3
2.1.1. Formación dunha cidadanía crítica no contexto dunha sociedade neoliberal.....	4
2.1.2. A incorporación da transversalidade de xénero .....	8
2.1.3. Alfabetización ou educación mediática .....	10
2.1.4. A competencia dixital.....	12
2.1.5. O galego como lingua vehicular do ensino .....	14
2.2. <b>Fundamentación epistemolóxica</b> .....	15
2.3. <b>Fundamentación psicolóxica</b> .....	18
2.4. <b>Fundamentación pedagóxica</b> .....	19
2.4.1. Metodoloxía .....	20
2.4.2. Integración das tecnoloxías dixitais .....	22
2.4.2.1. Webquest .....	23
2.4.2.2. Blog .....	24
2.4.3. A avaliación .....	25
3. <b>A PROPOSTA DIDÁCTICA</b> .....	30
3.1. <b>Contextualización da proposta</b> .....	30
3.1.1. O centro.....	30
3.1.2. O alumnado.....	31
3.1.3. Vinculación curricular da proposta co primeiro e segundo nivel de concreción curricular.....	31
3.1.3.1. Vinculación co primeiro nivel de concreción curricular .....	32
3.1.3.2. Vinculación co segundo nivel de concreción curricular .....	33
3.2. <b>Deseño da proposta</b> .....	34
3.2.1. Obxectivos e contidos.....	34
3.2.2. Actividades de ensino-aprendizaxe .....	36
Actividade 1: Introducción á materia.....	36
Actividade 2: Webquest sobre liberdade sindical.....	37
Actividade 3: Exposición docente 1 .....	38
Actividade 4: Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión? .....	39
Actividade 5: Análise do convenio colectivo aplicable ao sector do título.....	40
Actividade 6: Exposición docente 2 .....	42

Actividade 7: As folgas xerais en España .....	43
Actividade 8: E agora que? .....	44
3.2.3. Recursos .....	34
3.2.4. Avaliación .....	45
3.2.4.1 Instrumentos de avaliación .....	46
3.2.4.2. Criterios de cualificación .....	47
3.2.4.3. Mínimos esixibles .....	48
3.2.4.4. Medidas de recuperación.....	48
3.2.4.5. Medidas de afondamento .....	49
3.2.4.6. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe .....	49
3.2.5. Atención á diversidade .....	36
<b>4. VALORACIÓN PERSOAL E CONCLUSIÓNS .....</b>	<b>51</b>
<b>5. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.....</b>	<b>56</b>
<b>6. ANEXOS .....</b>	<b>67</b>
Anexo I: Táboa coa normativa aplicable á proposta .....	67
Anexo II: Breve descrición do blog da materia.....	68
Anexo III: Oferta formativa do centro.....	70
Anexo IV: Vinculación entre RA, CA, obxectivos e contidos .....	71
Anexo V: Actividade 2 “webquest sobre liberdade sindical” .....	73
Anexo VI: Presentacións PowerPoint para as actividades 3, 5 e 6.....	76
Anexo VII: Actividade 4 “Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión? .....	71
Anexo VIII: Actividade 5 “Análise do convenio colectivo aplicable ao título do sector” .....	82
Anexo IX: Actividade 7 “As folgas xerais en España” .....	76
Anexo X: Exemplo de mural na aplicación “mural.ly” .....	78
Anexo XI: Instrumentos de avaliación.....	82
Anexo XII:Cuestionario de valoración de docencia.....	91

# 1. INTRODUCCIÓN

O principal propósito do TFM que se presenta é o de mellorar e ampliar a proposta didáctica levada a cabo no período de prácticas. Nesta fase do Mestrado puíden impartir a unidade didáctica “A participación dos traballadores na empresa” no Ciclo Superior de Estética Integral e Benestar. A reflexión e valoración sobre o seu deseño e desenvolvemento evidenciou a necesidade de introducir cambios vinculados á utilización das tecnoloxías dixitais, á utilización do galego como lingua vehicular, ó fomento da aprendizaxe colaborativa, á incorporación da transversalidade de xénero e á mellora do proceso de avaliación.

Un dos motivos que me inclinaron a continuar no TFM coa UD traballada nas prácticas é a relevancia das temáticas que aborda de cara á formación dunha cidadanía crítica, máis importante se cadra nun contexto de intensificación das políticas neoliberais nas esferas educativa, económica e de regulación do mercado laboral. A aplicación destas políticas no sistema educativo prioriza a formación de traballadores/as. Dende o meu punto de vista, o módulo de FOL é moi axeitado para fomentar un espírito crítico no alumnado, pois os contidos que aborda están especialmente relacionados coa realidade laboral á que farán fronte nun futuro próximo ou á que xa se enfrontan nestes intreos.

Ademais, nunha época na que o labor dos sindicatos está a cuestionarse constantemente, a unidade didáctica relacionada coa participación das persoas traballadoras na empresa é propicia para que o alumnado sexa quen de valorar a importancia destas organizacións e de adquirir os coñecementos que lle permitan valorar con argumentos a imaxe que se transmite nalgúns medios de comunicación sobre os sindicatos e adoptar unha posición persoal ao respecto.

Outro dos obxectivos do TFM é integrar as aprendizaxes adquiridas nas distintas materias do Mestrado e afondar, especialmente, naquelas temáticas que son obxecto

de mellora e que non foron tratadas coa profundidade necesaria durante o Mestrado. Estou a referirme á educación mediática, ó papel da formación profesional e, en concreto, do módulo de FOL na formación de alumnado con pensamento crítico, etc. Todas estas cuestións están incluídas no primeiro apartado da fundamentación teórica e legal, no que as distintas temáticas son abordadas desde a perspectiva teórica.

O TFM organízase en tres grandes apartados. O primeiro, fundamentación teórica e legal, estrutúrase en torno ás fontes da fundamentación do currículo nas que se integran os aspectos teóricos e as prescricións da normativa. Na fundamentación sociolóxica trátanse diferentes cuestións, que son a formación dunha cidadanía crítica no contexto dunha sociedade neoliberal, a integración do enfoque de xénero, a educación mediática, a competencia dixital e o uso do galego como lingua vehicular.

Así mesmo, na fundamentación epistemolóxica indícase como se recollen os contidos no currículo de FOL, facendo especial fincapé no que se refire á orientación profesional.

Doutra banda, na fundamentación psicolóxica explícase brevemente a postura construtivista que se defende nesta proposta e a intención de que o alumnado adquira aprendizaxes significativas.

Igualmente, na fundamentación pedagóxica abórdase a metodoloxía, a avaliación e a integración das tecnoloxías dixitais, describindo as ferramentas da Web 2.0 que se empregan na proposta didáctica.

Na segunda parte, denominada a proposta didáctica, en primeiro lugar, contextualízase a nivel de centro e de alumnado e establécese a súa vinculación co primeiro e segundo nivel de concreción curricular. A continuación, descríbense os elementos da UD (obxectivos, contidos, actividades e avaliación).

O último apartado recolle as conclusións nas que se dá conta dos resultados obtidos en relación cos obxectivos do TFM e nas que se reflexiona sobre as aprendizaxes profesionais adquiridas coa realización do TFM e sobre as que considero imprescindible seguir formándome.

## **2. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E LEGAL**

Neste apartado de fundamentación teórica e legal, recóllense as achegas teóricas e legais que dan contido á fonte psicolóxica, pedagóxica, sociolóxica e epistemolóxica, que serven de guía para o deseño da proposta didáctica que se recolle na segunda parte do TFM.

Como é sabido, o ensino é un ámbito extensamente regulado, polo que se fai imprescindible facer mención ás prescricións legais, especialmente ás máis relacionadas coa proposta que se presenta. No Anexo I pode consultarse unha táboa na que se resume o contido da normativa aplicable á programación de FOL e, máis concretamente, á proposta didáctica que se presenta. Ao mesmo tempo, ao longo do documento incorpóranse as indicacións que fai a normativa para cada unha das temáticas abordadas. Máis aló da normativa, vaise facer referencia ao *VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes* (Xunta de Galicia, 2013), concretamente aos mandatos relativos á incorporación da perspectiva de xénero na formación profesional.

### **2.1. Fundamentación sociolóxica**

Segundo Bravo (2007, p.163), o currículo expresa “as demandas sociais e culturais que a sociedade ten e espera do sistema educativo”, que son “os coñecementos, actitudes e valores que considera necesarios para socializar aos alumnos e para que asimilen o seu patrimonio persoal, social e cultural”.

Sen embargo, o currículo non soamente ten que adaptarse a unha determinada realidade social, senón que tamén debe capacitar ao alumnado para “a discusión, a actuación política e a defensa dos valores democráticos” (Bravo, 2007, p.163). Deste

xeito, a educación debe pretender que “as persoas sexan quen de participar activamente en tarefas colectivas, de vivir nunha sociedade moderna e de afrontar os problemas que esta lles presente” (Bravo, 2007, p.163).

A continuación, tendo en conta o carácter social do currículo expresado por Bravo (2007), trátanse diversas cuestións que permiten afondar na fonte sociolóxica: a formación dunha cidadanía crítica no contexto dunha sociedade neoliberal, a incorporación da transversalidade de xénero, a educación mediática, a competencia dixital e o galego como lingua vehicular do ensino.

### **2.1.1. Formación dunha cidadanía crítica no contexto dunha sociedade neoliberal**

Atendendo ao exposto por Bravo (2007), é imprescindible a formación de cidadáns e cidadás críticos/as. Esta finalidade é, se cabe, máis imprescindible na formación profesional. O deseño do currículo a partir do perfil profesional dá prioridade ao seu carácter profesionalizador, deixando pouco espazo para a formación dunha cidadanía crítica. Neste contexto, o módulo de FOL é, polo tipo de contidos que aborda, a materia máis sensible para incorporar este tipo de formación. Como é sabido, a orientación ten un peso específico dentro do currículo de FOL, de maneira que para formar unha cidadanía crítica, é esencial defender unha orientación que promova a transformación e o cambio, integrando o enfoque de xénero a través do fomento da igualdade na escolla profesional e contribuíndo ao desenvolvemento dun pensamento crítico coas desigualdades de xénero na toma de decisións académicas e profesionais, coa situación das mulleres no mercado laboral e coas medidas postas en marcha para atallalas (Arza, 2016).

Sen embargo, non soamente hai que pretender crear unha cidadanía crítica a través da orientación, senón que é esencial fomentar un pensamento crítico en relación con todos os contidos do módulo. De feito, como se mencionou no parágrafo anterior, o módulo de FOL é propicio para alcanzar este propósito debido ao tipo de contidos que

aborda, que están vinculados, entre outras cuestións, coa prevención de riscos laborais, lexislación laboral, sistema de seguridade social, procura de emprego, desemprego, contrato de traballo ou dereitos das persoas traballadoras. As modificacións na lexislación laboral son produto dunha vontade política neoliberal que conducen á precarización laboral e á perda de dereitos. Tamén hai que ter en conta a influencia do neoliberalismo no sistema educativo, o que provoca que a formación profesional se atope máis vinculada coa adquisición de competencias para formar traballadores/as que coa formación de persoas cunha mentalidade crítica.

Para xustificar esta última afirmación, gustaríame deixar constancia da opinión dalgúns autores ao respecto, así como analizar diversa normativa relacionada coa formación profesional e co ciclo formativo no que se contextualiza a presente unidade didáctica.

En primeiro lugar, Cerrón (2010) afirma que o noso sistema de FP está baseado en competencias. Igualmente, Blas (2007, citado en Cerrón, 2010) indica que este sistema é unha copia do modelo británico que xurdiu nunha etapa de goberno conservador e neoliberal.

Así, e tal e como manifesta De Puelles (2002, citado en Cerrón, 2010) a pedagogía foi substituída na ordenación escolar pola economía, de xeito que os procesos de ensinanza, entre os que se inclúe a FP, se establecen dende a óptica da produtividade e a inversión. De feito, outros autores como Díez (2010, p.31) coinciden en que “o neoliberalismo introduciu métodos de xestión e funcionamento da empresa privada no ámbito educativo”. Así mesmo, e quizais dunha forma máis extremista, Gentili (1997, citado en Díez, 2010, p.32) denominou “Mcdonalización” a este proceso, o que Laval (2004, citado en Díez, 2010) relaciona con entender a escola como unha institución que debe reaccionar aos estímulos que emite un mercado considerablemente competitivo ao que debe servir na preparación de traballadores/as eficaces.



Todo isto provoca, de acordo con Díez (2010), que a educación non se considere unha forma de ampliar as oportunidades educativas, permitindo ao alumnado ser partícipe na construción dunha sociedade xusta e igualitaria, senón que o obxectivo principal é organizar a educación co fin de aumentar a competitividade internacional e ser rendible na formación de futuros recursos humanos.

Polo tanto, queda claro que a FP vincúlase especialmente coa formación de traballadores/as, mais, como se reflicte a influencia do neoliberalismo na lexislación? Para comezar, Cerrón (2010) sinala o obxectivo 3 do Pacto Social e Político pola Educación para o período 2010-2020: *“As xeracións que se están a formar agora nas escolas e nos institutos terán que cambiar probablemente de profesión varias veces ao longo da súa vida laboral e asistirán a novos e importantes avances do coñecemento científico e tecnolóxico, o que lles esixirá implicarse en novos procesos de formación”*. Esta formulación, segundo Cerrón (2010, p.57), está en relación co termo de “flexibilidade”, que é un concepto que describe a evolución do mercado laboral cara a cotas de emprego cambiante como resposta á ansia de especialización de man de obra ou á contratación rápida e a través de terceiros, para que empresas intermediarias continúen a medrar.

Igualmente, no obxectivo 4 recóllese que *“precisamos dunha Formación Profesional que favoreza o logro dunha economía máis eficiente baseada na excelencia dos seus procesos produtivos e que forme profesionais capaces de abrirse camiño...”*, o que, unha vez máis, reflicte que a máxima aspiración da FP é a formación de traballadores e traballadoras.

Doutra banda, Díez (2010, p.33) sinala que “a participación democrática da comunidade educativa no funcionamento e xestión dos centros substituíuse progresivamente pola xestión de corte empresarial e de medición de rendementos”.

Así mesmo, e realizando unha aproximación ao ciclo no que se contextualiza esta unidade, pódese observar como o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (en adiante, Decreto 114/2010) tamén pon o foco na formación de futuros/as traballadores/as, xa que no seu art. 2 indica que a finalidade da formación profesional consiste, entre outras cuestións, en capacitar ao alumnado para o desempeño cualificado da profesión, o acceso ao emprego ou a adaptación ás modificacións laborais que se podan producir ao longo da vida.

Pola contra, ben é certo que tamén se recolle neste artigo que a formación profesional ten que capacitar para a participación activa na vida social, cultural e económica. Igualmente, unha finalidade da formación profesional é a de contribuír ao desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, facéndose fincapé no desenvolvemento da persoa á marxe dos estereotipos de xénero e rexeitando calquera forma de discriminación. Polo tanto, na miña opinión, dedúcese deste Decreto que o que prima na formación profesional é responder ás necesidades do mercado laboral, se ben non se esquece da formación das outras dimensións da persoa. Agora ben, como se verá de seguido, esta última non se traduce dun xeito fidedigno no currículo de FOL, que é o que máis posibilidades ofrece de tratar estas dimensións.

Así mesmo, ao analizar o Real Decreto 881/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar e se fixan as súas ensinanzas mínimas (en adiante, RD 881/2011), pode observarse como nas competencias profesionais, persoais e sociais do título recóllense, basicamente, cuestións relacionadas, unha vez máis, coa formación de traballadores/as. Así, incorpóranse aspectos como o traballo en equipo, a prevención de riscos laborais, o asesoramento ao cliente ou a realización de determinadas actividades vinculadas ao mundo da estética, como a maquillaxe ou as masaxes. Pola contra, soamente se

establece unha competencia relacionada coa participación activa na vida económica, social e cultural.

Polo tanto, obsérvase como nestas competencias, que tamén se repiten no Decreto 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en estética integral e benestar (en adiante, Decreto 178/2012), non están encamiñadas á formación dunha cidadanía crítica, senón máis ben á creación de futuros/as traballadores/as.

### **2.1.2. A incorporación da transversalidade de xénero**

A incorporación da perspectiva ou transversalidade de xénero na formación profesional está respaldada, ademais de na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 (Xunta de Galicia, 2013). O artigo 23 da mencionada Lei establece que *“o sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros”*. Pola súa parte, o VI Plan formula como un dos seus obxectivos *“reforzar a igualdade de xénero no ámbito da educación non universitaria e no desenvolvemento da orientación académica e profesional do alumnado*. Dar cumprimento a estas prescricións obriga a incorporar o enfoque de xénero nos estudos de formación profesional, e moi especialmente no módulo de FOL.

Así pois, cómpre mencionar dúas cuestións relevantes relativas ao porqué e para que da integración do enfoque de xénero no módulo de FOL.

En primeiro lugar, hai que mencionar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais, o que se reflicte no alto grao de masculinización ou

feminización que se produce en determinadas familias profesionais, como a de Imaxe Persoal, que nos ocupa. A orixe desta situación, segundo Gómez Sánchez-Albornoz e Alonso Cuervo (2006) non se asenta en cuestións biolóxicas, senón na socialización diferencial de mulleres e homes, na que inflúen os estereotipos para reforzar os roles de xénero que deben asumir. Deste xeito, segundo Donoso, Figuera e Rodríguez (2007), a imaxe que unha muller ten de si mesma na sociedade é clave, pois pode levala a asumir roles sociais marcados culturalmente, o que pode provocar, por exemplo, pouca confianza por aquelas carreiras profesionais consideradas como non tradicionais, de forma que preferirá centrarse en carreiras que estean asociadas ao coidado.

Sen embargo, isto non soamente provoca a presenza maioritaria de homes ou mulleres nun sector concreto do mercado laboral (segregación horizontal), senón que tamén se reflicte na posición minoritaria que ocupan as mulleres nos niveis xerárquicos máis baixos (segregación vertical) (Gómez Sánchez-Albornoz e Alonso Cuervo, 2006). De feito, a situación é tan alarmante que, tal e como manifestan Donoso et al. (2007), hai casos nos que as propias mulleres teñen asumido que, polo feito de ser mulleres, non poderán acceder aos postos de maior prestixio e remuneración, o que reflicte a enorme influencia que teñen os estereotipos e roles de xénero.

A incorporación do enfoque de xénero na OP é imprescindible para levar a cabo unha orientación para a transformación e o cambio: unha orientación que é quen de promover unha toma de decisións académicas e profesionais non sesgadas por razón de xénero (Arza, 2002). Noutras palabras, a incorporación da transversalidade de xénero é esencial para levar a cabo a diversificación profesional, que é a incorporación das mulleres a sectores que se atopan masculinizados (Gómez Sánchez Albornoz e Alonso Cuervo, 2006). Deste xeito, a OP contribúe á eliminación dun dos obstáculos para a igualdade entre homes e mulleres. A posta en práctica dunha orientación

profesional con enfoque de xénero demanda, por unha parte, unha mirada reflexiva e crítica ante calquera forma de sexismo, de subordinación e de relacións de dominación (Villaverde,2008). Por outra, esixe a incorporación de novos contidos nas áreas tradicionais da OP e a incorporación doutras novas (Arza, 2016).

No caso da formación profesional a integración do enfoque de xénero na orientación profesional non se vincula á toma de decisións académicas e profesionais, xa que o alumnado que cursa os ciclos xa ten feita a elección. A súa prioridade son os obstáculos de xénero no desenvolvemento profesional das mulleres. A finalidade é a identificación, análise e valoración das desigualdades de xénero existentes no sistema académico e no mercado laboral e a comprensión dos factores de xénero que as explican (Arza, 2016).

A perspectiva de xénero debe de acadar a totalidade dos contidos do módulo de FOL, especialmente aqueles que poden ser máis sensibles. Incorporar a perspectiva de xénero no módulo de FOL, contribúe á formación de persoas con conciencia e pensamento crítico de xénero. No caso da unidade didáctica que se presenta, a transversalización do xénero céntrase na visibilización do papel das mulleres no ámbito sindical.

### **2.1.3. Alfabetización ou educación mediática**

Para seguir co propósito de formar unha cidadanía crítica, cómpre ter en conta a chamada “Sociedade da Información” na que se vive hoxe en día, onde “as novas regras da economía e a extensión da globalización fan que os cidadáns/as de comezos do século XXI teñan a oportunidade de acceder a un gran volume de información” (Temprano, 2009, p.9).

Deste xeito, a educación mediática pode constituír un bo medio para acadar ese propósito. A Educación mediática ten como finalidades (Akyempong, Wilson, Grizzle, Tuazon e Cheung, 2011):

Comprender e utilizar os medios de masas de forma segura ou non firme, incluíndoun entendemento informado e crítico dos medios e das técnicas que os medios empregan e os seus efectos. Tamén a capacidade de ler, analizar, avaliar e producir comunicación nunha variedade de formas (por ex. televisión, imprenta, radio, computadoras, etc.). Outra forma de entender o termo é a habilidade para decodificar, analizar, avaliar e producir comunicación nunha variedade de formas. (p.185)

Igualmente, a Comisión Europea (2006, citado en Ambrós e Breu, 2011, pp.54-55) defínea como “a habilidade de acceder, comprender, analizar e avaliar criticamente os diferentes aspectos e contidos dos medios de comunicación, e comunicarse nunha variedade de contextos. Refírese a todos os medios de comunicación, xunto coa televisión e o cine, a radio e a música gravada, os medios impresos, Internet e o resto de tecnoloxías dixitais que están a medrar”.

Á vista das definicións da educación mediática, hai que concluír que é imprescindible a súa abordaxe no módulo de FOL. Nas dúas definicións faise fincapé na análise crítica da información ofrecida polos medios de comunicación, polo que a finalidade da alfabetización mediática está moi vinculada coa formación de cidadáns e cidadás críticos/as, na que se incidiu previamente. Ademais, como subliñan Ambrós e Breu (2011), a educación mediática debe entenderse como un dereito que teñen os alumnos e alumnas para ser cidadáns/ás competentes, pois permítelles tomar decisións razoadas sobre os medios de comunicación, de xeito que aprenderán a reflexionar a partir da mirada persoal que cada un ten ante os medios e os significados que atribúe aos contidos desde a súa experiencia persoal e social.

Así mesmo, Akyempong et al. (2011) tamén destacan os seus beneficios en relación coa formación dunha cidadanía crítica, xa que aporta un coñecemento esencial sobre os medios de comunicación nas sociedades democráticas. Ademais, engaden que

“unha sociedade que está alfabetizada en medios e información fortalece o desenvolvemento de medios e sistemas de información que sexan libres, independentes e pluralistas” (p.21).

Por último, cómpre mencionar que o módulo de FOL é propicio para desenvolver a educación mediática polo tipo de contidos que trata, vinculados ás políticas de emprego, ó funcionamento e regulamentación do mercado laboral, que son temáticas que están sempre de actualidade e sempre con presenza nos medios de comunicación. A análise do tratamento dado nos distintos medios é imprescindible para desenvolver unha actitude crítica no alumnado fronte á información que ofrecen. Por este motivo, no blog da materia (que se describe na fundamentación pedagóxica) incorporárase un apartado denominado “Actualidade” onde tanto docente como alumnado colgarán, ao longo do curso, novas que garden relación cos contidos do módulo de FOL e que poderán empregarse para realizar actividades na clase. Os medios de comunicación, especialmente a prensa, van ser un recurso fundamental.

#### **2.1.4. A competencia dixital**

É fundamental que o módulo de FOL contribúa ó desenvolvemento da competencia dixital. Esta esixencia tamén se deriva das demandas que ó respecto formula a orientación profesional, especialmente no que fai á utilización das ferramentas da Web 2.0 na busca de emprego. Por outra parte, o Decreto 114/2010, no art. 17 establece que: *“as tecnoloxías da información e da comunicación han de incorporarse en todos os ciclos formativos de xeito transversal e a través das actividades de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo da súa incorporación en módulos específicos cando así se dispoña na norma pola que se estableza o título correspondente”*.

Para valorar o alcance da utilización das TIC no módulo de FOL, cómpre pois, afondar no concepto e dimensións da competencia dixital. O Consello Europeo (2006, citado en Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas y de Formación del Profesorado

[INTEF], 2013, p.9) considera que “a competencia dixital implica o uso crítico e seguro das Tecnoloxías da Sociedade da Información para o traballo, o tempo libre e a comunicación”. A adquisición da competencia dixital require dunha actitude que permite ao usuario/a adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías e ser quen de interaccionar socialmente ao redor delas (INTEF, 2013). A competencia dixital é multidimensional e maniféstase en distintas áreas (INTEF, 2013 e Educalab educación, 2015):

- a) Información: buscar información relevante e útil na rede.
- b) Comunicación: comunicarse e relacionarse con outras persoas en contornas dixitais.
- c) Creación de contido: crear contidos en múltiples formatos e difundilos.
- d) Seguridade: protexerse e desenvolver condutas seguras e éticas na rede.
- e) Resolución de problemas: utilizar a tecnoloxía para resolver situacións problemáticas.

As distintas dimensións da competencia dixital teñen cabida no módulo de FOL, de xeito que se poden integrar de xeito transversal en tódalas unidades didácticas. Agora ben, hai que ter en conta que as tecnoloxías non xeran aprendizaxes por si mesmas, senón que é a metodoloxía empregada polo/a docente a que vai determinar que o alumnado adquira a competencia dixital (Educalab educación, 2015). Como indica Area (Educalab educación, 2015) cómpre abandonar o enfoque de aprendizaxe por recepción a través das TIC e adoptar unha aprendizaxe por exploración e descubrimento na web, onde o relevante é o uso que o alumnado fai dos recursos da rede. Isto reflicte que a competencia dixital non se adquire dunha forma transmisiva, senón que se trata dunha competencia que se adquire mediante a práctica (Educalab educación, 2015). Polo tanto, é esencial que o/a docente planifique actividades que impliquen buscar e analizar información, crear contidos dixitais e interaccionar en



contornas dixitais (Educalab educación, 2015). Asemade, como subliña Area (Educalab educación, 2015) é imprescindible utilizar formatos variados.

Todo isto está moi vinculado co que se defendeu ao longo deste Mestrado, pois, como indica Rodríguez (2016) é fundamental incorporar a “substancia espiritual” das TIC, de xeito que se faga énfase na interacción, que se permita a produción de coñecemento e que exista unha produción multitextual, é dicir, que non soamente se utilice a linguaxe escrita.

### **2.1.5. O galego como lingua vehicular do ensino**

Dende a fundamentación sociolóxica, non se pode esquecer a normalización da lingua galega nos distintos ámbitos, especialmente no educativo. En primeiro lugar, faise necesario aclarar un concepto esencial, que é o de normalización lingüística. Segundo Arza e Veiga (2010), trátase dun proceso de revitalización dunha lingua en territorios nos que o contacto de linguas deu lugar a unha situación diglósica entre elas, de xeito que unha lingua ten moito prestixio social, mentres que a outra ocupa unha posición secundaria, converténdose nunha lingua minorizada. Semella evidente que en Galicia é o castelán a lingua que, actualmente, ten maior prestixio social, mentres que o galego se limita a usos máis informais.

Indican estes autores que a finalidade da normalización é recuperar e/ou estender o uso da lingua en todas as funcións e ámbitos. Desta forma, o ensino é fundamental para o proceso de normalización, pois non só se recupera un dos seus ámbitos de uso, senón que se converte no marco instrutivo necesario para a adquisición da competencia lingüística plena, de actitudes e usos lingüísticos que promovan a revitalización da lingua minorizada. As finalidades dun proceso de normalización non só se refiren á adquisición da competencia lingüística, senón tamén a promoción dunha mentalidade e uns comportamentos lingüísticos comprometidos coa súa revitalización. A ferramenta pedagóxica para o desenvolvemento destas tres finalidades é o ensino en galego.

Os autores citados, subliñan que a normalización lingüística demanda unha política lingüística comprometida e coherente coas súas finalidades. Neste punto, en relación co sistema educativo galego, tanto a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, como o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia recollen a necesidade de que o alumnado sexa competente nas dúas linguas oficiais de Galicia. Agora ben, este Decreto non amosa esa actitude de compromiso coa normalización lingüística, pois, de acordo coa Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (2011), supón un retroceso nos intentos de normalizar a nosa lingua no ensino ao non ter en conta a realidade sociolingüística de Galicia, onde a presenza da diglosia é evidente, pois existen dúas linguas en situacións ben diferentes, de maneira que o galego ten a condición de lingua minorizada. Deste xeito, o Decreto pon en perigo a convivencia da lingua galega, pois restrinxe o uso do galego como lingua vehicular e como lingua da administración educativa.

En conclusión, para poder contribuír ás tres finalidades da normalización da lingua galega no ensino (competencia lingüística, actitudes e usos lingüísticos) é esencial incorporar o seu uso nas aulas. Esta é a razón que xustifica a utilización do galego como lingua de ensino e aprendizaxe na proposta que se presenta.

## **2.2. Fundamentación epistemolóxica**

Segundo Partida (2011), a fonte epistemolóxica do currículo refírese aos coñecementos científicos que integran as diferentes áreas ou materias curriculares, así como as súas relacións interdisciplinares.

No primeiro nivel de concreción curricular, FOL configúrase como un módulo que incorpora contidos de distintas disciplinas: prevención de riscos laborais, dereito laboral e orientación profesional. Dunha análise do primeiro nivel de concreción curricular, cabe concluír que nos distintos elementos curriculares ten unha escasa ou nula presenza a dimensión destinada á formación dunha cidadanía crítica.

En primeiro lugar, hai que mencionar a peculiaridade da FP, pois, como se indicou anteriormente, ten moita importancia a formación de traballadores/as, e isto o que vai provocar é que os contidos se deseñen a partir de competencias. Así, pódese observar como no currículo de FOL predominan os contidos conceptuais e procedimentais fronte aos actitudinais. De feito, apenas se incide na formación dunha cidadanía crítica no módulo de FOL , o que se reflicte na ausencia dunha visión crítica do mercado laboral e da normativa legal, así como na escasa presenza da perspectiva de xénero. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes está presente en dous criterios de avaliación, que non teñen o seu reflexo nos contidos:

CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo

Dado que é unha das disciplinas que integran o módulo de FOL, neste punto valorarase a presenza e concepción da orientación profesional que amosa o currículo.

En primeiro lugar, considero necesario facer referencia, dun xeito breve, á conceptualización da orientación profesional que se defendeu neste Mestrado. Desta forma, a orientación profesional é unha actividade continua destinada a tódalas persoas, que promove a autoorientación e que, como actividade formativa, dota ás persoas dos coñecementos e actitudes para a toma de decisións académicas e profesionais. Igualmente, e como se indicou antes, a orientación debe promover a transformación e o cambio, integrando o enfoque de xénero a través do fomento da igualdade na escollo profesional e contribuindo á formación dunha cidadanía crítica en relación co mercado e coa normativa laboral (Arza, 2002).

Así mesmo, tamén se delimitaron as áreas de intervención da orientación profesional nas que deben de incorporarse contidos específicos relacionados coa incorporación da

perspectiva de xénero: autoconñecemento, información sobre formación e sobre emprego, planificación e ferramentas para a procura de emprego e proxecto profesional. Na procura de emprego, teñen especial relevancia as novas ferramentas para a busca de emprego vinculadas á Web 2.0, da que se falará máis adiante.

Dunha análise do currículo de FOL, tendo en conta a concepción que reflicte e os contidos que traballa, tiráanse as seguintes conclusións:

- Título da Unidade Formativa 2 (“Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego”) limita bastante os contidos, pois a parte de orientación non comprende unicamente a procura de emprego. O mesmo acontece co título dos contidos básicos referidos ao bloque de orientación (“BC4. Procura activa de emprego”).
- O título do resultado de aprendizaxe 4 (“Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida”) é moi potente, pois resume a idea de proxecto profesional e deixa ben claro cal é o resultado que se pretende. Igualmente, obsérvase que tanto nos resultados de aprendizaxe como nos contidos, están presentes as diferentes dimensións da orientación, como a información para a formación, o autoconñecemento, o mercado laboral, o proxecto profesional, técnicas de busca de emprego ou a orientación para a transformación e cambio. Agora ben, que estean presentes non significa que se traten dunha maneira completa, pois cuestións como o autoconñecemento trátanse dunha maneira parcial.
- Non se afonda na transversalidade de xénero, pois só se fai referencia a ela no CA4.4., que se mencionou anteriormente. Na miña opinión, a incorporación da transversalidade de xénero debería ser maior para promover a transformación e o cambio, pois penso que tamén sería axeitado facer mención, por exemplo, á influencia que teñen os estereotipos de xénero na toma de decisións académicas e profesionais.

### **2.3. Fundamentación psicolóxica**

No que fai á fundamentación psicolóxica, Bravo (2007) considera que as formulacións psicolóxicas básicas do currículo son as que se mencionan a continuación:

- Visión integral e global do desenvolvemento humano.
- Necesidade de partir do desenvolvemento do alumnado.
- Aprendizaxe significativa, de xeito que se conecten os novos contidos con coñecementos que o/a alumno/a xa ten.
- Papel destacado da memoria comprensiva como proceso activo de reconstrución.
- Interacción social nas aprendizaxes, o que está moi relacionada coa aprendizaxe colaborativa, da que se fala máis adiante.
- Aprender a aprender, é dicir, que o/a alumno/a sexa quen de xerar aprendizaxes significativas por si mesmo/a.

Como pode observarse, Bravo (2007) refírese, dunha banda, ao desenvolvemento do alumnado e, doutra, á aprendizaxe significativa e á interacción social nas aprendizaxes. Deste xeito, cómpre mencionar que nesta proposta procurárase que o alumnado obteña unha aprendizaxe significativa, que, seguindo a teoría de Ausubel (Antonio, 2000, p.33) é “o proceso a través do que novas informacións adquiren significado por interacción con aspectos relevantes preexistentes na estrutura cognitiva que, a súa vez, son tamén modificados durante ese proceso”. Así mesmo, para que a aprendizaxe sexa significativa, o material empregado debe ser potencialmente significativo, o alumnado debe ter uns coñecementos previos sobre os que poder construír esta aprendizaxe e, ademais, ten que manifestar unha disposición para aprender. Polo tanto, é moi importante levar a cabo actividades para detectar os coñecementos previos do alumnado.

En relación con esta disposición para aprender, cómpre facer mención á motivación do alumnado, á que se refire Tapia (1991). Este autor proporciona diversas estratexias

para aumentar a súa motivación, como activar a curiosidade do alumnado polo tema mediante a formulación de problemas para resolver, mostrar a relevancia dos contidos, realizar actividades en grupo ou organizar as avaliacións de forma que os alumnos e alumnas as consideren como unha ocasión para aprender. O autor tamén lle outorga moita importancia ás mensaxes que o profesor/a transmite ao alumnado, de xeito que hai que orientar a súa atención cara ao proceso de solución máis que cara ao resultado e cara á busca de medios para superar os obstáculos.

Na nosa proposta didáctica deféndese a postura construtivista, que, segundo Coll (1990; 1996, citado en Díaz e Hernández, 2002, p.28) se fundamenta en “achegas de diversas correntes psicolóxicas: o enfoque psicoxenético piagetiano, a teoría dos esquemas cognitivos, a teoría ausubeliana da asimilación e a aprendizaxe significativa, a psicoloxía sociocultural vigotskiana, así como algunhas teorías instrucionais”.

Malia que se trata de razoamentos distintos, todos eles comparten o papel activo do alumnado na construción do coñecemento, partindo dos coñecementos e das experiencias previas (Díaz e Hernández, 2002). Como sinala Coll (1990, citado en Díaz e Hernández, 2002), o construtivismo na aprendizaxe escolar organízase ao redor de tres ideas: que o alumnado é responsable do seu proceso de aprendizaxe, que a actividade mental construtiva do alumno/a aplícase a contidos que posúen un elevado grado de elaboración e que a función do/a docente é engarzar os procesos de construción do alumno/a co saber colectivo culturalmente organizado.

## **2.4. Fundamentación pedagóxica**

De acordo con García (2016) os fundamentos pedagóxicos dunha proposta didáctica responden á pregunta “como xestionar o proceso de ensino-aprendizaxe?” Para dar resposta á pregunta neste apartado trátanse tres cuestións fundamentais: a metodoloxía, a utilización das tecnoloxías dixitais e a avaliación.

### **2.4.1. Metodoloxía**

De Miguel (2006, p.82) fala de métodos de ensinanza para referirse á “forma de proceder que teñen os profesores para desenvolver a súa actividade docente”. Do conxunto de métodos de ensinanza que menciona o autor, centrareime na caracterización dos tres que considero máis axeitados para o desenvolvemento da proposta: clase maxistral, aprendizaxe colaborativa e resolución de exercicios e problemas; sen prexuízo de que ao longo da programación de FOL se empreguen outros métodos como a aprendizaxe baseada en problemas ou o estudo de casos

No que fai as prescricións metodolóxicas que se recollen no primeiro nivel de concreción curricular, hai que dicir que son máis ben escasas e moi xeralistas. O Decreto 114/2010 recomenda a aplicación dunha metodoloxía flexible e aberta e a prestación dunha atención axeitada ás persoas con discapacidade, mentres que o Decreto 178/2012, propón algunhas liñas de actuación no apartado de orientacións pedagóxicas para o módulo de FOL, que non poden ser consideradas orientacións de carácter metodolóxico.

#### **a) Clase maxistral**

Valcárcel (s.d., p.1) define a clase maxistral como a “estratexia docente que se basea na transmisión verbal de coñecementos, a súa exposición e/ou explicación oral, polo profesor/a aos alumnos e alumnas”. Ben é certo que esta metodoloxía é moi criticada. Así, Biggs (2005) valora a clase maxistral como unha simple forma de transmitir información, de xeito que non xera inspiración algunha no alumnado, quedando supeditada a súa eficacia aos coñecementos que teña o profesor/a.

Agora ben, Valcárcel (s.d) tamén sinala diversas vantaxes, como que permite que a información chegue a un gran número de alumnos/as ao mesmo tempo ou que se reduce a materia aos puntos básicos e esenciais. Ademais, sinala esta autora que para que a clase maxistral sexa útil, é moi importante que o alumnado non teña un papel pasivo, polo que é fundamental motivalo a través da formulación de problemas

ou preguntas e a introdución de actividades ou tarefas intercaladas coa exposición, que xustifiquen a utilidade do explicado.

Persoalmente, penso que un abuso desta metodoloxía provocaría unha perda de motivación por parte do alumnado, xa que as clases serían moi monótonas. Sen embargo, segundo manifesta Valcárcel (s.d.), a clase maxistral pode dar bos resultados se se opta por unha diversidade metodolóxica. Por iso, como esta non é a única metodoloxía a empregar, considero que incorporar a clase maxistral dun xeito proporcionado para explicar os contidos máis relevantes é unha boa forma de que o alumnado adquira novos coñecementos. Iso si, tal e como sinala Valcárcel (s.d.) é fundamental que os alumnos/as participen durante a explicación, xa sexa a través de preguntas ou da realización de determinadas actividades.

#### ***b) Aprendizaxe colaborativa***

Seguindo a liña mantida por Barkley, Cross e Major (2005), “o saber prodúcese socialmente por consenso entre compañeiros/as”, de xeito que, segundo Matthews (1996, citado en Barkley et al., 2005) “a aprendizaxe colaborativa prodúcese cando os alumnos e alumnas e o profesorado traballan xuntos para crear o saber”. Por esta razón, nesta proposta integráranse actividades nas que se fomente este tipo de aprendizaxe, que terá que cumprir coas tres características principais formuladas por Barkely et al. (2005):

- Debe ter un deseño intencional, é dicir, non se trata de que o alumnado se reúna en grupos simplemente para traballar por mandato do profesor/a.
- Todos/as os/as participantes do grupo deben comprometerse a traballar activamente para lograr os obxectivos sinalados.
- Debe ter lugar unha aprendizaxe significativa, de xeito que o alumnado incremente os seus coñecementos e se afonde na comprensión do currículo da materia.



### **c) Resolución de ejercicios e problemas**

De Miguel (2006, p.93) define este método como as “situacións nas que se solicita aos estudantes que desenvolvan as solucións axeitadas ou correctas mediante [...] a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados”. Tamén manifesta o autor que o seu uso serve para poñer en práctica os coñecementos previos, de xeito que se permita unha aprendizaxe significativa. Ademais, serve para aumentar a interese do alumnado ao coñecer aplicacións prácticas dos seus coñecementos. Este método é polas súas características aplicable na proposta, de xeito que se empregará nunha actividade relacionada co convenio colectivo.

#### **2.4.2. Integración das tecnoloxías dixitais**

A integración das tecnoloxías dixitais é imprescindible para o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado . Como xa se recolleu na fundamentación sociolóxica, a normativa (Decreto 114/2010) ordena a súa incorporación transversal a través das actividades de ensino e aprendizaxe.

Por outra parte, como indican Castaño, Maiz, Palacio e Villarroel (2008) as novas xeracións traen consigo unha nova linguaxe propia da Web 2.0, máis aberta e participativa, polo que adquire vital importancia o coñecemento e utilización das ferramentas dunha web máis social e colaborativa, como poden ser, entre outras, os blogs e as webquest. De acordo con Castaño et al. (2008), unha das características da Web 2.0 é o aproveitamento da intelixencia colectiva a través da información aportada pola comunidade, que se constrúe e actualiza constantemente grazas ao seu labor.

Como xa se mencionou na fundamentación sociolóxica, as tecnoloxías dixitais teñen que utilizarse axeitadamente. Neste sentido, Lankshear e Knobel (2008, p.65), manifestan que moitos países amosan unha “tendencia a perpetuar o antigo á hora de integrar as tecnoloxías na Educación, en lugar de perfeccionar ou reinventar o novo”. Estes autores poñen o exemplo de que o feito de que o alumnado use un ordenador

para entregar un texto cunha boa presentación non significa que se lle dea un bo uso á tecnoloxía, pois realmente estase a utilizar para unha tarefa convencional.

Polo tanto, conclúen Lankshear e Knobel (2008) que facer un bo uso das tecnoloxías pasa por que o/a docente abandone o rol de autoridade e experto, dando paso á participación e á colaboración en masa do alumnado. Este argumento pode completarse coa necesidade de que o profesorado planifique actividades nas que o alumnado busque e analice información, cree contidos dixitais e interaccione na rede (Educalab educación, 2015). Por outra parte, cómpre salientar o potencial das TIC para a innovación docente, sempre e cando, como tamén se recolleu, se incorpore a “substancia espiritual” das TIC, de xeito que se faga énfase na interacción, que se permita a produción de coñecemento e que exista unha produción multitextual, é dicir, que non soamente se utilice a linguaxe escrita (Rodríguez, 2016).

A continuación, caracterizaranse as dúas ferrametas da Web 2.0 (webquest e blog) utilizadas na proposta didáctica.

#### **2.4.2.1. Webquest**

Segundo Higuera e Quintana (2009, pp.5-6) as webquest son “propostas de traballo para os/as estudantes nos que a partir da presentación dunha situación relativa a un tema ou máis, e do seu contexto, se propón ao alumnado a realización dun traballo (...) en grupo”, partindo do uso de información procedente de Internet, que foi previamente seleccionada.

Dodge (1995, citado en Higuera e Quintana, 2009, p.7) opina que “a webquest pretende ser unha metodoloxía para iniciar ao alumnado e ao profesorado nun uso activo de Internet, que estimule a investigación, o pensamento crítico e incentive aos profesores e profesoras a producir materiais”.

A idea de fondo, segundo Temprano (2009), é que o alumnado busque en Internet e trate a información que necesita para resolver o que se lle formula. Para evitar unha

navegación libre ao chou, o profesorado, no seu papel de curador de contidos, busca e selecciona as fontes de información. Na webquest, o/a docente vai asumir un rol diferente ao habitual: pasa a ser “facilitador e orientador do proceso de aprendizaxe, mediador e organizador do material básico posto a disposición dos alumnos/as, e guía ao longo do proceso para reconducir as desviacións, en caso de que se producisen” (García , 2005, p.2).

A webquest está estreitamente vinculada coa competencia dixital, especialmente coas áreas de información, seguridade e resolución de problemas.

Ademais da competencia dixital, a webquest tamén promove a competencia de aprender a aprender, pois o alumnado é protagonista na creación do coñecemento, deixando de ter un papel pasivo como simple receptor de información (Higueras e Quintana, 2009).

Por último, cómpre mencionar brevemente as partes nas que se estrutura unha webquest, que, segundo Higueras e Quintana (2009), son as seguintes:

- **Introdución:** presentación da webquest ao alumnado.
- **Tarefa:** descrición da tarefa ao alumnado.
- **Proceso:** indicación dos recursos a empregar.
- **Avaliación:** indicar ao alumnado que é o que se avalía.
- **Conclusión:** explicar ao alumnado cal é o resultado da tarefa realizada.

#### **2.4.2.2. Blog**

Un blog é unha páxina web que permite aos seus autores/as publicar contidos en diversos formatos (texto, imaxes, vídeo...) dun xeito sinxelo, de forma que estes quedan ordenados cronoloxicamente. A posibilidade de introducir comentarios permite a interacción e retroalimentación entre participantes, polo que se enriquecen os diferentes puntos de vista amosados. Igualmente, máis aló da súa facilidade de

manexo, os contidos poden categorizarse, o que facilita seguir unha orde clara e lóxica á hora de localizar a información (Gómez e Gómez (2012).

As bondades pedagóxicas da utilización dun blog son múltiples. Para Gómez e Gómez (2012, p.1143) “grazas ao uso dun blog, o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe á hora de crear, organizar e compartir contidos á vez que coopera e colabora con outros/as compañeiros/as”. O blog favorece que o alumnado obteña aprendizaxes significativas a través da interacción social, que son dúas cuestións ás que se fixo mención na fundamentación psicolóxica. O blog tamén contribúe ao desenvolvemento das competencias de aprender a aprender e a competencia dixital. En concreto, cómpre mencionar que, no caso desta última, o blog vincúlase con tódalas áreas da competencia dixital.

Atendendo ao expresado, a definición de blog de Sáez Vacas (2005, citado en Gómez e Gómez, 2012, p.1144), é máis completa, xa que o entende como “unha conversación interactiva durante unha viaxe polo coñecemento, pois axuda a que os alumnos aprendan de forma cooperativa e atractiva nun traxecto cara a construción de novos saberes e destrezas”.

Tamén hai que incidir nas potencialidades do blog para canalizar a dimensión informativa da orientación profesional, especialmente a relativa ás oportunidades de formación e de emprego (Arza, 2016).

Por último, para esta proposta creei un blog, que se atopa no sitio web <https://construindofol.wordpress.com/> e se describe brevemente no Anexo II.

### **2.4.3. A avaliación**

Sanmartí (2007, citado en López, 2009, p.28) define a avaliación como o “proceso de recollida e análise de información destinado a describir a realidade, emitir xuízos de valor e facilitar a toma de decisións”. Para López (2009), esta definición reflicte os diversos procesos que abrangue a avaliación: recollida de información, análise da

mesma e elaboración dun xuízo de valor en función duns criterios establecidos e toma de decisións a partir de todo o anterior.

Seguindo a Martínez e Carrasco (2006, citado en López, 2009), poden establecerse varios principios esenciais na conceptualización da avaliación. Entre eles, cómpre mencionar que a avaliación é un proceso sistemático e comprensivo e que o seu propósito máis importante é guiar e axudar a aprender. Para López (2009) estes postulados obrigan a adoptar un modelo de avaliación formativa, que o autor define como o proceso de avaliación que serve para mellorar as aprendizaxes do alumando e para que o profesorado mellore a súa práctica docente. En relación con este tipo de avaliación, Cano (2012) engade que a avaliación debe permitir a retroacción, é dicir, que o alumnado coñeza as súas fortalezas e debilidades. Para Escudero (2010, citado en Cano, 2012) a retroacción ten que servir para confirmar o que se fai ben, diagnosticar e corrixir erros, así como engadir información ao coñecido.

Ademais da avaliación formativa, os autores falan da avaliación sumativa. Este tipo de avaliación límitase á avaliación dos resultados de aprendizaxe e vincúlase á cualificación do alumnado e a fase final dun proceso de ensino e aprendizaxe (Biggs, 2005). Para diferenciar os dous tipos de avaliación, Biggs (2005, p.179) utiliza o seguinte símil: “cando o cociñeiro proba a salsa, a avaliación é formativa; cando a proba o cliente, é sumativa”. O que se amosa co símil é o poder de mellora que ten a avaliación formativa fronte á sumativa, o cociñeiro ó probar a salsa no proceso da súa elaboración ten a posibilidade de melloralala, cousa que non é posible cando xa se fixo e se serviu. O resultado da avaliación sumativa é unha cualificación, o que provoca que os alumnos/as non coñezan os seus erros nin como corrixilos, pois o erro nesta avaliación relaciónase co castigo (unha cualificación inferior), a diferenza do que acontece na formativa, onde o erro é algo do que se pode aprender (Biggs, 2005), ao non relacionarse coa obtención dun resultado.

Biggs (2005) tamén dá conta da avaliación continua ou progresiva, que utiliza os resultados obtidos durante o curso, ao fío da aprendizaxe e con fins de cualificación. Igualmente, indica o autor que esta avaliación pode ter tanto funcións formativas como sumativas, de xeito que terá unha función formativa se os/as estudantes se senten libres para manifestar os seus erros, pero se os resultados se utilizan para cualificar, a función será sumativa.

Outro aspecto a ter en conta na avaliación é a participación do alumnado. Atendendo a este criterio diferéncianse a autoavaliación, a coavaliación e avaliación compartida. A autoavaliación refírese á avaliación que unha persoa realiza sobre si mesma ou sobre un proceso e/ou resultado persoal. Sen embargo, a autoavaliación non sempre fai referencia ao alumnado, senón que tamén existe a autoavaliación do profesorado, que está relacionada con procesos de mellora profesional. A coavaliación é a avaliación entre iguais, é dicir, son os alumnos/as os/as que se avalían entre si. A avaliación compartida alude ós procesos de diálogo que mantén o profesor/a co alumnado sobre a avaliación das aprendizaxes e dos procesos de ensino-aprendizaxe (López,2009).

Para Biggs (2005), a participación do alumnado na avaliación aumenta considerablemente a aprendizaxe dos contidos, pois non só aprende os contidos para realizar o seu exame, traballo ou calquera outra tarefa, senón que tamén terá que analizar as tarefas realizadas por outros compañeiros/as. Polo que “o contido se procesa varias veces e dende diversas perspectivas” (Biggs, 2005, p.197).

Tampouco hai que esquecer a necesidade de impulsar o papel motivador da avaliación, de xeito que, como manifesta Tapia (1991), é moi importante que o alumando considere a avaliación como unha oportunidade para aprender, evitando, na medida do posible, as comparacións de uns con outros.

Así mesmo, cómpre facer mención aos instrumentos de avaliación. López (2009, p.40), considerando a avaliación das aprendizaxes do alumando, defíneos como “o

conxunto de ferramentas que forman parte do proceso de cualificación e levan asociados unha serie de criterios de cualificación e a súa correspondente porcentualización da cualificación total”. Constitúen o medio a través do que se obtén información e se rexistran os datos que permiten emitir unha valoración final. Seguindo ao mesmo autor, existen diversos tipos de instrumentos, que poden agruparse en escritos (exames, traballos, cartafol...), orais (exposición, debate, mesa redonda...) e práctico-procedimentais (actuacións, simulacións, prácticas supervisadas...). O autor avoga pola utilización complementaria dos instrumentos, de xeito que na súa selección prime a coherencia co tipo de aprendizaxe que se somete a avaliación.

Entre os instrumentos de avaliación, que se describen no apartado 3.2.4.1., é de destacar a rúbrica. A súa principal característica é a definición dos criterios de avaliación e a concreción de distintos niveis de logro. É unha ferramenta que, ao proporcionar información sobre os niveis de aprendizaxe, favorece os procesos de auto e coavaliación e fai máis transparente os procesos de cualificación (Martínez Raposo, 2011).

Doutra banda, en relación coa avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, o alumnado deberá cubrir un cuestionario, do que se falará no apartado 3.2.4.6.

Por último, hai que facer mención á normativa sobre avaliación<sup>1</sup>, que máis que afondar na conceptualización da avaliación, describe algunhas cuestións relacionadas co procedemento, como son: a avaliación diferencial por módulos, o carácter continuo do proceso e as condicións do dereito e perda da avaliación continua, o ámbito e finalidades da avaliación inicial que se ha de realizar no inicio do curso, sistema de cualificación e características e requisitos para avaliación extraordinaria. Neste

---

<sup>1</sup> Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

momento, considero necesario facer mención, dun xeito breve, á avaliación inicial e á perda do dereito á avaliación continua.

En relación coa avaliación inicial ao principio do curso, hai dous aspectos de relevancia a avaliar máis aló dos coñecementos iniciais sobre os contidos do módulo: o perfil sociolingüístico do alumnado, sobre todo no que fai ás competencias lingüísticas, e a competencia dixital do alumnado. Na unidade didáctica contéplase unha actividade de avaliación inicial cuxa finalidade é identificar os coñecementos previos do alumnado como primeiro paso necesario para a construción dunha aprendizaxe significativa (ver actividade 1 nas páxs.36-37)

Respecto á perda ao dereito á avaliación continua, o art. 25.3 da orde citada anteriormente a pé de páxina dispón que *“o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total”*. Así mesmo, segundo os parágrafos 4 e 5 deste art. 25, o alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua pode perder a posibilidade de participar nas actividades que impliquen algún tipo de risco para si mesmo, o resto do grupo ou as instalacións e, no caso de que non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente no módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación antes da avaliación final, que consistirá nunha proba escrita ao final da terceira avaliación, na que o alumnado deberá contestar dez cuestións (teóricas e prácticas) que versarán sobre calquera dos contidos recollidos na programación do módulo.

Se se dera o caso de que un alumno/a perdesa o dereito á avaliación continua, o blog constituirá unha ferramenta útil para el/ela, pois nel recolleríanse indicacións sobre os contidos importantes, actividades relevantes para preparar a proba ou o tipo de preguntas que esta podería conter.



### **3. A PROPOSTA DIDÁCTICA**

Ao longo deste apartado preséntase a unidade didáctica “A participación das persoas traballadoras na empresa” do módulo de FOL, impartida no primeiro curso do Ciclo Superior de Estética integral e benestar. No primeiro subapartado contextualízase a proposta e no segundo descríbense os elementos da UD (obxectivos, contidos, actividades e avaliación) .

#### **3.1. Contextualización da proposta**

Neste subapartado contextualízase a proposta didáctica a nivel de centro e de alumnado. Así mesmo, establécese a súa vinculación co primeiro e segundo nivel de concreción curricular.

##### **3.1.1. O centro**

A presente unidade didáctica desenvolverase nun CIFP da provincia da Coruña. A súa oferta formativa abrangue varios ciclos formativos de grao medio e superior de cinco familias profesionais (Edificación e obra civil, Fabricación mecánica, Imaxe persoal, Madeira e moble e Transporte e mantemento de vehículos). Así mesmo, hai que mencionar que tamén se imparte formación profesional básica. A oferta formativa do centro inclúese no Anexo III.

Igualmente, no centro hai, aproximadamente, uns 1500 alumnos/as e 101 profesores e profesoras. No que fai ao profesorado do Departamento de FOL, normalmente móvese na cultura do individualismo e do illamento, o que dificulta a cooperación e non favorece o desenvolvemento profesional.

Por último, en relación cos recursos informáticos dos que dispón o centro, este conta con catro ordenadores con conexión a Internet na biblioteca e todas as familias profesionais contan con varias aulas de informática. No caso do CS Estética integral e benestar no que se contextualiza esta proposta, a aula na que se imparte o módulo de FOL conta con 21 ordenadores con conexión a Internet.

### **3.1.2. O alumnado**

O alumnado do centro procede de toda a provincia da Coruña e incluso de provincias limítrofes. Isto débese á especificidade da oferta formativa, orientada a sectores produtivos moi concretos, que non se atopa dispoñible noutros centros e provincias.

O grupo de alumnado de primeiro curso do Ciclo Superior de Estética integral e benestar para o que se formula a proposta está formado por 18 persoas, todas elas de sexo feminino, que teñen entre 19 e 24 anos de idade. Agás dúas mozas procedentes de Venezuela, todas as alumnas proceden da cidade da Coruña ou de diferentes pobos da provincia, como Cedeira ou Rianxo. Todas elas dominan o galego e o castelán, se ben é certo que a lingua na que adoitan expresarse é o español.

A meirande parte das alumnas finalizou os estudos de Bacharelato, e amosan un bo rendemento académico, pois a intención de moitas delas é acceder a unha titulación universitaria mediante a obtención dunha boa nota media no ciclo formativo.

### **3.1.3. Vinculación curricular da proposta co primeiro e segundo nivel de concreción curricular**

A unidade didáctica sitúase no módulo de FOL do Ciclo Superior de Estética integral e benestar da familia profesional de Imaxe Persoal. É un ciclo LOE regulado polo Real Decreto 881/2011, do 24 de xuño e polo Decreto 178/2012, do 19 de xullo que establece o seu currículo. A súa duración é de 2000 horas. Unha persoa con este título *“exerce a súa actividade no sector de coidados da imaxe persoal, no subsector de coidados estéticos, en pequenas e medianas empresas, maioritariamente privadas, nas áreas de tratamentos estéticos integrais, estética hidrotermal, microimplantación de pigmentos, depilación avanzada, masaxe estética e drenaxe, e asesoramento en tratamentos e produtos cosméticos”* (Decreto 178/2012, art. 7).

### 3.1.3.1. Vinculación co primeiro nivel de concreción curricular

A unidade didáctica contribúe a desenvolver ós obxectivos xerais e ás competencias profesionais, persoais e sociais do título que figuran na táboa que segue:

Obxectivos	Competencias
p) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.	n) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
r) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou contingencias.	t) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.
y) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.	

A UD sitúase na unidade formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego (62 horas) e relaciónase cos contidos, criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe que se recollen na táboa.

RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	
Criterios de avaliación	Contidos
CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en estética integral e benestar. CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en estética integral e benestar.
CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais. Representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	Conflitos colectivos.

Na miña opinión, para reforzar a reflexión e a valoración crítica, é necesario completar os criterios de avaliación establecidos polo currículo da seguinte maneira:

- CA2.6.1. Desenvolveuse unha actitude crítica fronte ao fortalecemento da empresa á hora de modificar as condicións do convenio colectivo trala Reforma Laboral de 2012.
- CA2.7.1. Valoráronse as medidas recollidas no convenio colectivo aplicable ao sector do título de Técnico Superior en Estética Integral e Benestar relativas á conciliación da vida laboral e familiar e para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- CA2.10.1. Valórouse dun xeito crítico a necesidade dos sindicatos na actualidade.
- Valórouse a actividade sindical como un piar para a mellora das condicións laborais.
- Valórouse o papel levado a cabo pola muller na actividade sindical.
- Desenvolveuse unha actitude crítica fronte ao tratamento que reciben os sindicatos nos medios de comunicación.

### **3.1.3.2. Vinculación co segundo nivel de concreción curricular**

O módulo de FOL impártese no primeiro curso e ten unha duración de 107 horas. Na seguinte táboa amósanse as unidades didácticas que integran o módulo de FOL xunto coa secuencia e tempo asignado a cada unha delas. A UD que se vai desenvolver ten, como se pode observar na táboa, asignadas 6 horas.

	UD	Título	Duración
<b>UF 1</b>	1	A prevención de riscos laborais	4
	2	Identificación e avaliación de riscos	22
	3	Planificación da prevención	6
	4	Medidas de prevención e protección	13
<b>UF 2</b>	5	A relación laboral e o contrato de traballo	24
	6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	12
	7	A Seguridade Social	12
	8	A participación das persoas traballadoras na empresa	6
	9	O traballo en equipo	4
	10	A procura de emprego	4

## **3.2. Deseño da proposta**

A UD ten unha duración de seis horas, distribuídas en seis sesións, e desenvolverase ao longo de dúas semanas no terceiro trimestre, os venres 6 e 13 de maio (de 8:30 a 10:30) e os luns 9 e de 16 de maio (de 14:00 ás 15:00).

### **3.2.1. Obxectivos e contidos**

Na seguinte táboa (que se inclúe na páxina seguinte ao estar en orientación horizontal) preséntanse os obxectivos e contidos da proposta e o nome das actividades que se van detallar no apartado seguinte. Igualmente, no anexo IV pódese consultar a relación entre o terceiro e primeiro nivel de concreción curricular.

Obxectivos	Contidos	Actividade
<p>Recoñecer e valorar o papel histórico desenvolvido polo movemento obreiro na mellora das condicións laborais.</p> <p>Valorar a importancia da liberdade sindical como dereito fundamental.</p> <p>Interesarse polo labor levado a cabo pola muller na actividade sindical.</p>	<p>A liberdade sindical: un pilar esencial na mellora das condicións laborais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A liberdade sindical como dereito fundamental.</li> <li>○ As condicións de vida e traballo antes da aparición do movemento obreiro.</li> <li>○ A aparición do movemento sindical e a súa influencia na mellora das condicións laborais.</li> <li>○ O papel da muller na actividade sindical.</li> </ul>	<p>Actividade 1: Introducción á materia</p> <p>Actividade 2: Webquest</p> <p>Actividade 8: E agora que?</p>
<p>Recoñecer os modelos de representación unitaria e de representación sindical.</p> <p>Valorar a importancia dos sindicatos e reflexionar sobre o seu labor actual.</p> <p>Adoptar unha actitude crítica fronte á imaxe que se amosa dos sindicatos nos diferentes medios de comunicación.</p> <p>Valorar a loita sindical como un medio para a defensa dos dereitos e condicións laborais das persoas traballadoras</p>	<p>A representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Representación colectiva unitaria: <ul style="list-style-type: none"> <li>● Os delegados/as de persoal e o comité de empresa.</li> <li>● Competencias e garantías dos delegados/as de persoal e membros do comité.</li> <li>● As eleccións a representantes.</li> </ul> </li> <li>○ A representación colectiva sindical: os sindicatos. <ul style="list-style-type: none"> <li>● Organización, financiamento e tipos.</li> <li>● A participación dos sindicatos nas empresas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As seccións sindicais.</li> <li>▪ Os delegados/as sindicais.</li> </ul> </li> <li>● A imaxe dos sindicatos nos medios de comunicación.</li> </ul> </li> </ul>	<p>Actividade 3: Exposición docente 1</p> <p>Actividade 4: Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?</p> <p>Actividade 8: E agora que?</p>
<p>Analizar e valorar as condicións de traballo recollidas no convenio colectivo do sector, entre elas as vinculadas á conciliación familiar e laboral e á igualdade efectiva entre mulleres e homes.</p> <p>Identificar e valorar os cambios que introduciu a Reforma Laboral de 2012 en relación aos convenios colectivos, especialmente no que fai á capacidade da empresa para modificar aspectos regulados no convenio.</p> <p>Recoñecer a relación existente entre convenio de empresa e de sector.</p>	<p>O convenio colectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Principais condicións de traballo recollidas no convenio colectivo.</li> <li>○ Presenza de medidas para a conciliación laboral e a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>○ Melloras que establece o convenio colectivo fronte á lexislación laboral vista en unidades anteriores.</li> <li>○ Implicacións da reforma laboral no convenio colectivo.</li> <li>○ Relación entre convenio de empresa e de sector.</li> </ul>	<p>Actividade 5: Análise do convenio colectivo aplicable ao sector do título</p> <p>Actividade 8: E agora que?</p>
<p>Identificar os conflitos colectivos e recoñecer a solución extraxudicial de conflitos como unha vía de acordo.</p> <p>Identificar os requisitos básicos e analizar os efectos dunha folga.</p> <p>Recoñecer como pode vulnerarse o dereito de folga.</p> <p>Analizar casos de manipulación da información polos medios e adoptar unha actitude crítica fronte a estes feitos.</p> <p>Caracterizar as folgas xerais levadas a cabo en España no que fai ós seus motivos e logros e reflexionar sobre o seu papel na defensa dos dereitos dos traballadores/as.</p>	<p>Conflitos colectivos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A folga.</li> <li>○ O peche patronal.</li> <li>○ A solución extraxudicial de conflitos.</li> <li>○ A vulneración do dereito de folga.</li> <li>○ A manipulación de información polos medios de comunicación.</li> <li>○ As folgas xerais en España.</li> </ul>	<p>Actividade 6: Exposición docente 2</p> <p>Actividade 7: As folgas xerais en España.</p> <p>Actividade 8: E agora que?</p>

### 3.2.2. Actividades de ensino-aprendizaxe

Na táboa pode observarse a duración de cada unha das actividades e a súa distribución por sesións.

SECUENCIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA		
Actividade	Duración	Sesión
Actividade 1: Introducción á materia	25 minutos	1ª
Actividade 2: Webquest	35 minutos	1ª
Actividade 3: Exposición docente 1	30 minutos	2ª
Actividade 4: Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?	90 minutos	2ª e 3ª
Actividade 5: Análise do convenio colectivo aplicable ao sector do título	60 minutos	4ª
Actividade 6: Exposición docente 2	30 minutos	5ª
Actividade 7: As folgas xerais en España	60 minutos	5ª e 6ª
Actividade 8: E agora que?	30 minutos	6ª
<b>TOTAL</b>	<b>360 minutos</b>	<b>6</b>

#### 1ª Sesión

##### Actividade 1: Introducción á materia

Propósito da actividade: Espertar a interese no alumnado e detectar os seus coñecementos iniciais en relación cos contidos a abordar nesta unidade. Igualmente, en relación coas ideas expostas anteriormente de Tapia (1991), con esta actividade intentarase activar a curiosidade e a interese do alumnado polo contido do tema.

Descrición da actividade: Na primeira sesión, o docente comezará preguntando de xeito aberto ao alumnado se pensan que as condicións laborais cambiaron moito dende finais do século XIX e comezos do XX e se cren que os sindicatos influíron nestes cambios. De seguido, visualizaranse dous vídeos utilizando o canón de proxección da aula, pero antes, o profesor explicará que o primeiro deles (ARTEHISTORIA, 2008) (duración: 3:53) mostra a historia do movemento sindical de finais do século XIX e comezos do XX, mentres que o segundo (Jóvenes CCOO, 2010) (duración: 3:24) amosa algúns dos logros acadados polos sindicatos.

A continuación, o profesor achegará ao alumnado un folio cunha serie de cuestións xerais para detectar os seus coñecementos iniciais, de xeito que se contestarán en grupos de tres persoas, que se formarán libremente polo alumnado e se entregarán por escrito ao finalizar a actividade. Estas preguntas serán:

- Que influencia tiveron os sindicatos nas melloras das condicións laborais producidas dende a época na que se sitúa o primeiro vídeo?
- Serías quen de mencionar unha muller que tivera un papel importante na actividade sindical?
- Para que credes que serven os sindicatos na actualidade e cal pensades que é a visión que ten a sociedade en xeral? Cal é a vosa opinión sobre eles?
- Cal pensades que é a imaxe que se transmite deles nos medios de comunicación?
- Coñecedes algún país onde non funcionen os sindicatos ou estean prohibidos? Cales son as condicións laborais neses países?
- Que é unha folga? Consideras que son útiles?
- Coñecedes algunha folga xeral levada a cabo en España? Poderíades explicala brevemente?
- Que é un convenio colectivo? Para que serve? Que relación ten co papel dos sindicatos?
- Poderíades indicar algún cambio introducido pola Reforma Laboral de 2012 en relación co convenio colectivo do teu sector?

## **Actividade 2: Webquest sobre liberdade sindical**

Propósito da actividade: Co gallo de contribuír á formación dunha cidadanía crítica (como se defendeu ao longo da fundamentación sociolóxica), é importante que o alumnado leve a cabo un labor de busca na rede sobre o papel histórico dos sindicatos e o rol desenvolvido polas mulleres na loita sindical, para así poder valorar a



contribución da loita sindical na mellora das condicións laborais e ser consciente da invisibilidade da muller neste ámbito.

Descrición da actividade: No blog da materia colgarase no apartado de “Actividades” un documento titulado “Webquest sobre a liberdade sindical” (se incorpora no Anexo V), onde se explica a actividade a realizar, o seu obxectivo e as tarefas que o alumnado debe levar a cabo. Igualmente, ao tratarse dunha webquest, aportaranse diversos enlaces que as alumnas deben consultar para realizar a actividade. As alumnas, empregando os ordenadores da aula, terán que consultar esta entrada do blog.

Para a realización desta actividade, formaranse seis grupos de traballo de tres persoas cada un e comezarase a realizar a actividade na aula. Estes grupos formaranse libremente polas alumnas, poderán ser os mesmos cos que se veu traballando ao longo da materia.

O alumnado deberá elaborar un informe no que se incorporen, como mínimo, as respostas ás preguntas que se amosan na actividade (ver Anexo V). Para contestalas, é necesario que consulten os enlaces achegados, que versarán sobre a historia do movemento obreiro e o papel da muller na actividade sindical (Anexo V). É posible que 35 minutos non abonden para a súa finalización, polo que pode rematarse fóra da aula, pois o alumnado disporá dun prazo de dous días para subir a tarefa ao blog. Debido á gran cantidade de recursos achegados, recomendarase ás alumnas que organicen e planifiquen o traballo en grupo e distribúan as tarefas, para despois realizar unha posta en común e redactar un informe consensuadamente.

Por último, unha vez finalizada a actividade, é obrigatorio que cada grupo publique, como mínimo, dous comentarios nos traballos das súas compañeiras, onde exprese a súa opinión, destacando as cuestións máis positivas do traballo e os posibles aspectos a mellorar.

## **2ª e 3ª Sesión**

### **Actividade 3: Exposición docente 1**

Propósito da actividade: Para que os/as traballadores/as poidan exercer os seus dereitos axeitadamente, deben coñecer cales son os órganos que os representan, como funcionan e con que competencias e garantías contan.

Descrición da actividade: Nesta actividade realizarase unha exposición oral sobre a representación unitaria e a representación sindical, empregando como apoio unha presentación PowerPoint de elaboración propia, á que se terá acceso a través do blog da materia (Presentación recollida no Anexo VI, diapositivas 2 á 8).

En relación coa representación unitaria, explicaranse as eleccións a representantes, os delegados de persoal e os comités de empresa, así como as competencias e garantías dos delegados e membros do comité e da existencia doutros comités. En canto á representación sindical, comentarase como se organizan os sindicatos, como se financian e que tipos existen para, a continuación, realizar unha explicación teórica sobre as seccións e os delegados sindicais.

Por último, cómpre mencionar que se procurará involucrar ao alumnado na exposición, integrando preguntas que propicien a participación e intentando amosar exemplos reais, como poden ser casos nos que se determine o número de delegados de persoal dunha empresa en función do número de traballadores/as. Así mesmo, introducíranse cuestións de coñecementos previos ao comezo da exposición, como se coñecen algún delegado/a sindical, se coñecen a alguén afiliado/a a un sindicato, que saben sobre a financiación dos sindicatos, etc.

#### **Actividade 4: Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?**

Propósito da actividade: Como se mencionou na fundamentación sociolóxica, a denominada educación mediática é moi útil á hora de contribuír á formación dunha cidadanía crítica. Con esta actividade pretenderase que o alumnado sexa quen de amosarse crítico fronte á imaxe que se transmite dos sindicatos nos medios de comunicación e que valore a importancia dos sindicatos, desenvolvendo un pensamento propio e independente en relación ao seu labor.

Descrición da actividade: Ao finalizar a actividade 3, o alumnado entrará, empregando os ordenadores da aula, na actividade “Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?”, que se atopará recollida no apartado “Actividades” do blog da materia (ver Anexo VII). Con este documento aberto, o docente explicará en que consiste a actividade.

Para a súa realización, achéganse diversos artigos e vídeos publicados por varios medios de comunicación. Estes recursos agrúpanse en catro bloques (ver Anexo VII), cuxos temas centrais serán, por esta orde: ataques aos sindicatos e defensa destes, desprestixio da clase obreira nos medios, desprestixio sufrido polos sindicatos a pesar da súa necesidade, diminución na actuación dos sindicatos españois. Cada bloque consta dunha serie de preguntas que as alumnas deben responder (Anexo VII). Cómpre mencionar que para esta actividade poderíanse utilizar as novas subidas no apartado “Actualidade” do blog, en función da calidade dos recursos achegados.

A tarefa levarase a cabo en grupos de tres persoas cada un, que se formarán libremente polo alumnado, se ben poden ser os mesmos cos que se traballou ao longo da materia ou na actividade anterior. Debido á gran cantidade de recursos achegados, recomendarase ás alumnas que distribúan os artigos e vídeos entre os membros do grupo, de xeito que cada unha consulte cadanseus recursos para despois realizar unha posta en común e redactar as respostas consensuadamente.

A actividade comezase a realizar na aula nos últimos 30 minutos da 2ª sesión e finalizarase durante os 60 minutos da 3ª sesión.

Por último, unha vez finalizada, a actividade deberase subir como un documento en formato PDF no apartado “Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?” do blog, de xeito que é obrigatorio que cada grupo publique, como mínimo, dous comentarios nos traballos das súas compañeiras para que teña lugar un contraste de opinións.

#### **4ª Sesión**

##### **Actividade 5: Análise do convenio colectivo aplicable ao sector do título**

Propósito da actividade:Coñecer o convenio colectivo do seu sector é esencial para os traballadores/as á hora de estar ao tanto das súas condicións laborais, dereitos e obrigas. Deste xeito, con esta actividade procurarase realizar unha aproximación ao convenio colectivo do sector, de forma que o alumnado analice o seu contido e se amose crítico fronte aos cambios introducidos pola Reforma Laboral de 2012.

Descrición da actividade:En primeiro lugar, o alumnado ten que procurar en Internet, empregando os ordenadores da aula, o convenio colectivo aplicable ao seu sector (convenio colectivo estatal para perruquerías, institutos de beleza e ximnasios), que constituirá o material de traballo da actividade.

Como o convenio xa se analizou noutras unidades, como a de contrato de traballo, o docente recordará, de forma breve, os principais aspectos que regula o convenio colectivo. Así mesmo, explicarase cunha presentación PowerPoint (ver Anexo VI, diapositiva 9), que se poderá consultar no blog da materia, a relación existente entre un convenio de sector e un convenio de empresa e comentaranse algúns dos cambios producidos coa Reforma laboral de 2012, que outorgan maior poder ás empresas á hora de modificar algunhas condicións do convenio. Para realizar esta explicación empregaranse 15 minutos.

A continuación, o alumnado dividirase en seis grupos de tres persoas cada un, que se numerarán do 1 ao 6, e que se formarán libremente polas alumnas, podendo ser os mesmos que os formados ao longo da materia ou na actividade anterior.

No apartado “Actividades” do blog da materia recollerase unha actividade titulada “Análise do convenio colectivo aplicable ao sector do título”, onde figuran varias preguntas, numeradas do 1 ao 6, relacionadas co convenio colectivo (Ver Anexo VIII). Deste xeito, cada grupo deberá acceder a esta entrada do blog e responder á pregunta que se corresponda co seu número de grupo, mediante a publicación dun comentario no blog coa súa resposta fundamentada. O tempo outorgado para contestar as cuestións é de 15 minutos.

De seguido, cada grupo deberá ler as respostas das demais compañeiras e facer os comentarios no blog que estime oportunos, expresando o seu parecer. Será obrigatorio facer un mínimo de dous comentarios. A duración para esta tarefa será de 20 minutos.

Por último, os 10 derradeiros minutos da sesión dedicaranse a realizar unha breve posta en común, onde o alumnado amosará a súa opinión sobre as cuestións analizadas, especialmente sobre os cambios introducidos pola Reforma Laboral de 2012. Con isto preténdese que o alumnado tire as súas conclusións argumentando a súa posición fronte á Reforma Laboral de 2012.

## **5ª Sesión**

### **Actividade 6: Exposición docente 2**

Propósito da actividade: Coa segunda e última clase maxistral, preténdese que o alumnado identifique os tipos de conflitos colectivos, facéndose especial na folga. Así mesmo, afondarase na solución extraxudicial de conflitos para que as alumnas a valoren como unha vía de acordo sen necesidade de chegar aos xulgados ou á folga. Igualmente, para continuar coa formación dunha cidadanía crítica e a educación mediática, inténtase amosar ata que punto pode chegar a manipulación dalgúns medios de comunicación.

Descrición da actividade: Nesta actividade realizarase unha exposición oral sobre os conflitos colectivos, empregando como apoio unha presentación PowerPoint de elaboración propia, á que se terá acceso a través do blog da materia (Anexo VI, diapositivas 10,11 e 12).

En concreto, explicaranse os requisitos e o procedemento que unha folga debe seguir para ser legal, así como as causas legais polas que pode producirse o peche patronal. Así mesmo, farase fincapé na solución extraxudicial de conflitos como unha vía de acordo para non chegar aos xulgados ou á folga.

Por último, o labor do alumnado consistirá en atender e tomar apuntamentos, mais cómpre mencionar que se procurará involucralo na exposición, integrando preguntas que propicien a participación e intentando amosar exemplos reais, pois, nesta caso, poderá preguntárselles sobre folgas que coñezan. Asemade, ao finalizar coa exposición, proxectarase un artigo recollido no blog que recolle a vulneración do dereito de folga por RTVE no ano 2002 (Gómez, 2003), de xeito que se lle explicará ao alumnado o que fixo ese medio de comunicación para ser condenado, para que así coñeza unha forma de vulneración do dereito de folga á vez que se afonda no tratamento que fan algúns medios de determinada información, o que está en conexión co realizado na actividade 4.

### **Actividade 7: As folgas xerais en España**

Propósito da actividade: Dende a transición ata hoxe, en España tiveron lugar diversas folgas xerais que, polo xeral, en maior ou menor medida, acadaron bos resultados. Por iso, preténdese que o alumnado, mediante a análise destas folgas, sexa consciente da utilidade desta medida como un medio para defender os dereitos dos traballadores/as.

Descrición da actividade: En primeiro lugar, na 5ª sesión, despois da actividade 6, presentáraselle ao alumnado a actividade, que se recolle no apartado “Actividades” do blog da materia baixo o título de “As folgas xerais en España” (Anexo IX) e á que deben acceder empregando os ordenadores da aula.

Novamente, en grupos de tres persoas, o alumnado buscará información sobre unha folga xeral, que ha de escoller da listaxe de folgas xerais que se levaron a cabo en España dende o ano 1978 (esta listaxe atópase tamén no Anexo IX). A información recollida ha de contemplar, como mínimo, as seguintes cuestións: quen convocou a folga, por que se convocou, seguimento da folga e logros acadados. Cada grupo poderá incluír na actividade calquera outra cuestión que considere relevante, o que se valorará positivamente.

Cómpre mencionar que para facilitar a tarefa de busca de información, no documento onde se recolle a actividade (Anexo IX) aportaranse unha serie de recursos onde o

alumnado pode achar información xeral sobre as folgas. Deste xeito, terán unha referencia da que poderán partir para obter máis información.

Despois de seleccionar a información, o alumnado terá que elaborar un mural fóra do horario de aula no que, dun xeito visual, se explique o que aconteceu na folga.

Recomendarase ás alumnas a utilización da aplicación “mural.ly” (<https://mural.co/>), que é unha plataforma que permite a creación de equipos de traballo na rede para elaborar murais dixitais de forma colaborativa.

Cómpre mencionar que no blog da materia, non soamente se indicarán as tarefas a realizar, senón que tamén se incluírá un vídeo no que se explica o funcionamento de “mural.ly” (ver Anexo IX).

Trala elaboración do mural, cada grupo deberá descargalo como imaxe e subilo ao blog, de xeito que as compañeiras podan amosar as súas opinións sobre os traballos. Unha vez máis, é obrigatorio publicar, como mínimo, dous comentarios.

Para servir de exemplo, no Anexo X incorpórase un sinxelo mural realizado na aplicación “mural.ly”.

Por último, nos primeiros 30 minutos da seguinte sesión, os grupos proxectarán os seus murais e explicarán ao resto de alumnas a folga sobre a que traballaron. Cada exposición terá unha duración máxima de cinco minutos e deberá finalizar cunha breve conclusión na que amosen a súa opinión sobre a utilidade da folga analizada como medio para loitar polos dereitos das persoas traballadoras fronte ás medidas adoptadas polo goberno que reducen estes dereitos.

### **Actividade 8: E agora que?**

Propósito da actividade: Preténdese que o alumnado sexa quen de extraer as súas propias conclusións do aprendido e que se decate das aprendizaxes adquiridas ao longo do desenvolvemento da unidade.

Descrición da actividade: Nesta actividade, o docente volverá entregar ao alumnado o folio empregado na actividade 1 e pediráselle que lea as súas respostas. De seguido, as alumnas deberán responder exactamente as mesmas cuestións (ver páxina 37)

nunha folla nova formando os mesmos grupos que na se empregaron na primeira sesión.

Unha vez as contesten, terán que comparar as respostas previas coas actuais, de xeito que na folla nova deberán redactar as súas conclusións sobre o aprendido na unidade, salientando as aprendizaxes adquiridas en comparación co que sabían previamente, e manifestando se mudou a súa opinión sobre a importancia e utilidade dos sindicatos ou sobre calquera outro aspecto tratado na unidade.

Por último, este novo folio será entregado ao docente ao finalizar a sesión.

### **3.2.3. Recursos**

Para o desenvolvemento da UD vanse utilizar distintos tipos de recursos. Por unha parte, estarían os recursos informáticos dos que dispón o centro na aula (ordenador e canón de proxección) e ordenadores para o alumnado, neste caso, polo tipo de actividades que se realizan é necesario un ordenador por persoa. Por outra parte, o blog da materia (<https://construindofol.wordpress.com/>) constitúe un dos recursos básicos que vai ser utilizado como repositorio dos documentos e, sobre todo, como ferramenta para a participación do alumnado. A maior parte dos documentos escritos e audiovisuais proceden de Internet e xa se indican para cada unha das actividades. Tamén se vai facer uso doutro artefacto dixital para a elaboración de murais: <https://mural.co/>. O Libro de FOL (De Fez Solaz, M.C., García González, B.J., Tena Cornelles, D., 2015) vai ser utilizado como apoio para algún contidos da UD.

### **3.2.4. Avaliación**

Neste punto, apoiándonos na normativa legal e na caracterización da avaliación realizada no punto 2.4.3., concrétese o procedemento e instrumentos de avaliación para a UD. Deste modo, preséntanse os instrumentos de avaliación das aprendizaxes do alumnado, os criterios de cualificación, os mínimos esixibles, ás medidas de recuperación e afondamento e á avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.



Non obstante, antes de comezar con estas cuestións, hai que completar o indicado sobre a avaliación inicial nesta UD na fundamentación pedagóxica. Deste xeito, nesta UD este tipo de avaliación realízase na primeira sesión e consiste nun cuestionario (ver a actividade 1, pp.36-37) ao comezo da UD. Igualmente, cómpre salientar a súa utilización posterior para contrastar os coñecementos iniciais coas aprendizaxes adquiridas ao longo da unidade (ver actividade 8 na pp.44-45).

#### **3.2.4.1. Instrumentos de avaliación**

Tendo en conta ás aprendizaxes que se pretende que adquira o alumnado, hai que optar por unha complementariedade dos instrumentos de avaliación, que neste caso son:

##### a) Fichas de autoavaliación e coavaliación

Co gallo de que o alumnado participe na avaliación, nesta proposta empregárase unha ficha de autoavaliación e outra de coavaliación, que se inclúen no Anexo XI.

##### b) Rúbricas

Este instrumento, que xa se definiu de xeito breve na fundamentación pedagóxica, utilizarase para avaliar o traballo en grupo realizado polas alumnas nas diversas actividades e incorpórase no Anexo XI. Desta forma, deseñouse unha rúbrica para avaliar o traballo en grupo das actividades 2, 4, 5 e 8, e outra para avaliar a exposición oral da actividade 7. Doutra banda, as fichas de autoavaliación e coavaliación servirán para determinar a cualificación individual de cada membro. É dicir, unha vez obtida a cualificación do grupo utilizando a rúbrica, esta cualificación incrementarase ou reducirase en función dos datos extraídos das fichas de auto e coavaliación.

##### c) Actividades e exercicios

Avaliaranse as actividades grupais realizadas polo alumnado (actividades 2, 4, 5, 7 e 8) atendendo aos criterios establecidos nas rúbricas, que poden observarse no Anexo XI.

##### d) Proba mixta

Ao finalizar cada trimestre realizarase unha proba mixta para verificar a adquisición dos contidos por parte do alumnado, así como para avaliar a súa capacidade crítica e de razoamento. As probas mixtas levadas a cabo mesturarán cuestións conceptuais e cuestións de valoración, onde o alumno/a contestará dun xeito razoado e crítico ás preguntas formuladas.

Na proba mixta que se realizará ao remate do terceiro trimestre, recolleranse dúas cuestións vinculadas a esta UD, que se indican no Anexo XI.

e) A participación no blog

O blog empregarase para observar a interacción do alumnado neste recurso, que é outro aspecto das actividades grupais que se mide na rúbrica.

#### **3.2.4.2. Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación empregados nesta UD son os seguintes:

- Asistencia e participación activa (10%). A participación activa avaliarase a través da observación na aula, especialmente naquelas actividades nas que se realice unha posta en común ou se formulen preguntas ao alumnado (como neste caso poden ser as actividades 1, 3 ou 5).
- Traballo en grupo (65%).
  - o Tarefa da actividade 2: informe sobre a liberdade sindical (10%)
  - o Tarefa da actividade 4: cuestionario sobre os sindicatos nos medios (15%)
  - o Tarefa da actividade 5: análise do convenio (10 %)
  - o Tarefa da actividade 7: exposición oral (15%)
  - o Tarefa da actividade 8: conclusións sobre o aprendido (15%)
- Proba mixta (25%)

#### **3.2.4.3. Mínimos esixibles**

Para que o alumnado obteña a avaliación positiva do módulo deberá acadar uns mínimos esixibles en cada unidade didáctica. Para esta unidade, estes mínimos son:

- Recoñecer os modelos de representación unitaria e de representación sindical.
- Valorar a importancia dos sindicatos e reflexionar sobre o seu labor actual.
- Analizar e valorar as condicións de traballo recollidas no convenio colectivo do sector, entre elas as vinculadas á conciliación familiar e laboral e á igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Caracterizar as folgas xerais levadas a cabo en España no que fai ós seus motivos e logros e reflexionar sobre o seu papel na defensa dos dereitos dos traballadores/as.

#### **3.2.4.4. Medidas de recuperación**

O artigo 29 da Orde do 12 de xullo de 2011, establece que *“para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes medidas de recuperación”*.

Así, esta unidade poderá recuperarse mediante unha proba escrita que terá lugar ao final do terceiro trimestre, de acordo co establecido dende o departamento de FOL. Ademais desta proba escrita, o alumnado que non acadara os mínimos esixibles deberá realizar unha serie de actividades, entre as que se poderían atopar as seguintes:

- Traballo nos que se afonde naqueles contidos máis elementais da unidade.
- Resolución de supostos prácticos.
- Elaboración de esquemas aclaratorios.

#### **3.2.4.5. Medidas de afondamento**

Para aqueles/as alumnos/as que o desexen ou estean interesados/as en ampliar os seus coñecementos en relación cos contidos da unidade, propóñense as seguintes actividades de afondamento:

- Visualización da película Xerminal (1993) e elaboración dun resumo, no que se faga fincapé nas diferenzas existentes entre a realidade laboral amosada no filme e a actual.
- Investigación sobre a folga producida en España no ano 2014 das persoas traballadoras na empresa Coca-Cola.
- Elaboración dun informe sobre a financiación dos sindicatos.

Para a realización destas actividades o alumnado procurará atopar a información na rede, de forma que se poderán empregar artigos de prensa, vídeos, datos estatísticos ou calquera outro medio que sexa axeitado.

#### **3.2.4.6. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe prodúcese a través da avaliación dos alumnos/as e a autoavaliación do profesorado sobre a súa práctica docente. No centro no que se contextualiza a proposta, esta última lévase a cabo mediante o seguimento da programación do módulo. Asemade, o Departamento de FOL realiza reunións periódicas de seguimento da programación nas que se valoran os resultados acadados e, ao rematar o curso, o profesorado elabora unha memoria na que se inclúen propostas de mellora.

En canto á avaliación realizada polo alumnado, inclúese no Anexo XII un cuestionario de valoración da práctica docente, que se cubrirá ao finalizar o curso.

#### **3.2.5. Atención á diversidade**

Neste apartado tomarase como referencia o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas

establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante, Decreto 229/2011).

En primeiro lugar, no artigo 3 deste Decreto defínese a atención á diversidade como o “conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

Igualmente, no artigo 4.2 do Decreto 229/2011 recóllese que “a atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan as súas necesidades e características persoais”. Deste xeito, non soamente é importante realizar unha proba de avaliación inicial á que se fixo referencia no apartado de avaliación, senón que tamén cómpre observar o que acontece na aula e prestar atención aos resultados das actividades e probas realizadas na aula, pois sempre poden xurdir necesidades non detectadas nun primeiro momento.

En relación coas medidas a adoptar para afrontar estas necesidades, o Decreto 229/2011 distingue nos seus artigos 8 e 9 entre medidas ordinarias e medidas extraordinarias:

- Medidas ordinarias: facilitan a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Entre as medidas que se recollen no artigo 8, hai unha que xa se incorpora nas actividades da proposta, que é a de utilizar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos. En canto ás demais, podería levar a cabo, cando fose preciso, as seguintes:
  - o Adecuación da organización e da xestión da aula ás características do alumnado.

- Tutoría entre iguais, de xeito que o alumnado máis capacitado apoie aos compañeiros/as con máis dificultades.
  - Reforzo educativo para do horario escolar para o alumnado que teña problemas á hora de utilizar recursos relacionados coas tecnoloxías dixitais.
  - Medidas de enriquecemento curricular (medidas de afondamento, mencionadas antes).
  - Medidas de recuperación (explicadas anteriormente).
- Medidas extraordinarias: poden requirir algunha modificación significativa do currículo ordinario e/ou cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplícanse unha vez se esgoten as de carácter ordinario ou cando estas resulten insuficientes. Tendo en conta as características das alumnas do grupo, considero, nun primeiro momento, que no será necesaria a incorporación destas medidas, xa que as medidas ordinarias abundan para atender as súas necesidades educativas.

#### **4. VALORACIÓN PERSOAL E CONCLUSIÓN**

Tal e como se mencionou na introdución, o motivo principal do TFM foi mellorar a proposta posta en marcha durante o período de prácticas. A elaboración da parte teórica e legal permitíume afondar en cuestións que considero especialmente relevantes para a programación de FOL e, especialmente, para a unidade didáctica, que constitúe o tema do TFM. Ao mesmo tempo, revisei e integrei as aprendizaxes e contidos adquiridos nun bo número das materias cursadas no Mestrado.

Así, en primeiro lugar, cómpre salientar a utilización das tecnoloxías dixitais e a súa vinculación co desenvolvemento da competencia dixital do alumnado, que foron cuestións tratadas en materias como Inserción e orientación laboral, Innovación docente e Proxectos de innovación e investigación educativa. O feito de abordar esta

temática permitiume reforzar a idea transmitida nestas materias sobre a importancia da súa incorporación nunha sociedade do coñecemento como a actual. Agora ben, non hai que usalas por usar, senón que hai que enfocar a súa utilización cara a unha aprendizaxe por exploración e descubrimento na rede por parte do alumnado, que debe estar preparado para buscar, organizar e analizar criticamente a información obtida para tomar decisións a partir dela (Temprano,2009).

Deste xeito, considereirei a webquest e o blog bos métodos para desenvolver a competencia dixital do alumnado, de forma que gustárame destacar as aprendizaxes que adquirín ao crear o blog empregado na proposta. A pesares de supoñer un aumento da carga de traballo, co seu deseño realmente decateime da utilidade que ten tanto para profesorado como para alumnos/as, especialmente no que fai á interacción social.

Doutra banda, ao defender o galego como lingua vehicular do ensino, puiden afondar na necesidade de normalizar a nosa lingua tratada en Educación e linguas en Galicia, de maneira que son consciente de que non soamente hai que pretender a adquisición da competencia lingüística polo alumnado, senón tamén que teñan unha mentalidade e uns comportamentos comprometidos coa lingua.

Así mesmo, un dos eixos principais sobre o que xirou este traballo, e que penso que mellorou a proposta do Practicum, foi a formación dunha cidadanía crítica. O que se pretendeu con esta unidade didáctica foi ir máis aló das competencias profesionais, persoais e sociais que establecen tanto a normativa relacionada coa FP como o currículo do ciclo, de xeito que non soamente se formen traballadores/as, senón tamén cidadáns e cidadás críticos/as que sexan quen de pensar independentemente, analizando dende a súa propia perspectiva o que acontece ao seu redor, especialmente no que fai á situación e funcionamento do mercado laboral.

Para acadar isto, foi fundamental a integración do enfoque de xénero, cuestión tratada especialmente nos módulos de Inserción e orientación laboral e Formación profesional e mercado laboral. Coa elaboración deste TFM fun quen de profundar nos contidos tratados nestas materias, consultando, por exemplo o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 (Xunta de Galicia, 2013), o que afianzou a necesidade da súa incorporación no módulo de FOL, sobre todo naqueles contidos que poden ser máis sensibles, para que o alumnado sexa consciente dos obstáculos de xénero no desenvolvemento profesional das mulleres. Na UD, a perspectiva de xénero concretouse na visibilización das mulleres na loita sindical, o que queda reflectido nos seus obxectivos, contidos e actividades .

Igualmente, na procura de crear persoas críticas, nesta proposta tiveron gran relevancia dous aspectos que apenas se trataron no Mestrado, a formación dunha cidadanía crítica no contexto dunha sociedade neoliberal e a educación mediática. A influencia das políticas neoliberais repercute no sistema educativo, de xeito que a formación de traballadores/as prima sobre a creación de cidadáns/ás con pensamento crítico. Por iso, xa que a normativa non o fai, é o profesorado quen debe esforzarse para contribuír á formación deste tipo de cidadáns/as. Ademais, o módulo de FOL é propicio para lograr este obxectivo, pois como se mencionou ao longo da proposta, os contidos que aborda están especialmente relacionados coa realidade laboral á que o alumnado deberá facer fronte. De feito, a unidade didáctica desenvolvida neste traballo resulta moi axeitada para este propósito, sobre todo se se ten en conta o tratamento que os sindicatos están a recibir nos últimos anos polos medios de comunicación. Por este motivo, decidiuse integrar a educación mediática na proposta, pois, despois de afondar nela, pareceume moi apropiada para que nos alumnos/as florezca unha actitude crítica e reflexiva fronte ás distintas informacións ofrecidas.

Para finalizar cos aspectos que melloran a proposta, debo facer mención ao instrumento da rúbrica, que coñecín no módulo de Iniciación á investigación educativa



e que, malia as dificultades que experimentei na súa elaboración, resultoume un instrumento beneficioso tanto para alumnos/as como para docentes, pois os primeiros poden coñecer o que se espera deles, mentres que os segundos poderán realizar unha avaliación con obxectividade.

Por outro lado, cómpre indicar que as aprendizaxes adquiridas na materia de Didáctica, currículo e organización escolar serviron de guía á hora de realizar a fundamentación teórica e legal, pois trataranse dun xeito resumido os diversos fundamentos do currículo.

Asemade, e poñendo o foco no deseño da proposta, hai que salienta a utilidade do módulo de Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de FOL, onde se elaborou unha programación do módulo de FOL, o que permitiu ter un primeiro achegamento co deseño dunha unidade didáctica. Así mesmo, resultou útil ter analizado a estrutura dos títulos dos ciclos formativos na materia de Formación profesional e mercado laboral á hora de realizar a contextualización da proposta.

Por último, en canto ás aprendizaxes profesionais adquiridas, resaltaría, en primeiro lugar, a importancia da utilización das tecnoloxías dixitais na profesión docente. Como mencionei previamente, é fundamental que nunha sociedade do coñecemento como a actual, o alumnado desenvolva a súa competencia dixital. Agora ben, son consciente da miña necesidade de formación neste ámbito, especialmente no que se refire ao coñecemento da multitude de utilidades que posúen as diferentes ferramentas web que existen.

Da mesma forma, penso que a maior aprendizaxe que extraio tanto deste TFM como do Mestrado é a necesidade de formar unha cidadanía crítica. A miña formación previa, tanto escolar como universitaria, non me permitira pararme a valorar este aspecto, de xeito que sempre vinculei o labor docente coa simple transmisión de coñecementos. Sen embargo, tras ter cursado este Mestrado, estou plenamente

concienciado de que as funcións dun profesor ou profesora van máis aló de transmitir os coñecementos que recollen os libros de texto, de xeito que como futuro profesor tamén terei a responsabilidade de formar persoas que sexan quen de participar na sociedade e contribuír a desenvolver nelas un pensamento crítico e independente.

Así mesmo, gustaríame salientar brevemente dúas cuestións cuxa importancia descoñecía antes de realizar este Mestrado. A primeira delas relaciónase coas implicacións educativas da situación lingüística galega, xa que agora valoro o emprego do galego na educación como unha esixencia para recuperar os usos e o prestixio da nosa lingua e para que o alumnado sexa competente en galego. A outra cuestión é a perspectiva de xénero, pois non soamente o aprendido no Mestrado, senón tamén o observado no Practicum en relación co alto grado de feminización ou masculinización nalgúns sectores profesionais, fíxome abrir os ollos e comprender que algo está a facerse mal, de maneira que a súa integración é un compromiso que o profesorado debe asumir para dar fin a esta situación de desigualdade.

Do re-deseño da proposta tamén tirei aprendizaxes importantes. A primeira é sobre a cantidade de actividades diferentes que se poden formular sobre un mesmo tema. A segunda ten que ver coa cantidade de recursos existentes na rede e que lle corresponde ao profesorado explotar todo o seu potencial educativo. Neste sentido, para esta unidade didáctica atopei multitude de recursos, dos que só utilicei unha parte.

Xa para finalizar, quixera mencionar a necesidade de seguir formándome nos contidos da especialidade de FOL, pois a miña formación no eido xurídico non abonda para ter un dominio da diversidade das temáticas que se abordan en FOL.. De feito, ao longo do desenvolvemento da proposta percibín certa carencia de coñecementos relacionados cos contidos tratados.

## 5. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- Akyempong, K., Wilson, C., Grizzle, A., Tuazon, R. e Cheung, C-K. (2011). *Alfabetización mediática e informacional. Currículum para profesores*. Recuperado de: <http://unesdoc.unesco.org/images/0021/002160/216099S.pdf>.
- Alfonso, M. (19 de maio de 2013). *Condiciones de vida y de trabajo de los obreros durante el siglo XIX* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=bUWoVYfO90Q>.
- Ambròs Pallarès, A. e Breu Pañella, R. (2011). *10 ideas clave. Educar en medios de comunicación: La educación mediática*. Barcelona: Graó.
- Antonio Moreira, M. (2000). *Aprendizaje significativo: teoría y práctica*. Madrid: Visor.
- Aragonés, D. (9 de marzo de 2012). Repaso histórico a las huelgas generales en España. *Teinteresa.es*. Recuperado de: [http://www.teinteresa.es/politica/Repaso-historico-huelgas-generales-Espana\\_0\\_660534517.html](http://www.teinteresa.es/politica/Repaso-historico-huelgas-generales-Espana_0_660534517.html).
- Aramayona, A. (14 de agosto de 2011). El sindicato nos lo robaron. ¿Dónde estará el sindicato? *ATTAC España*. Recuperado de: <http://www.attac.es/2011/08/14/el-sindicato-nos-lo-robaron-donde-estara-el-sindicato/>.
- ARTEHISTORIA (24 de xaneiro de 2008). *El movimiento obrero* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=3pFMvFE9Wgo>.
- Arza Arza, N. (2002). Aproximación conceptual á Orientación profesional. *Orientación Profesional. Proxecto docente inédito. Universidade da Coruña*.
- Arza Arza, N. e Veiga Martínez, D. (2010). Normalización lingüística. En Caride Gómez, J.A. e Trillo Alonso, F. (directores), *Diccionario galego de Pedagogía* (p.429). Santiago de Compostela: Editorial Galaxia.

- Arza Arza, N. (2016). Apuntamentos da materia de Inserción e orientación laboral.
- Barba Pan, M. (30 de novembro de 2015). *Clara Zetkin, impulsora del Día Internacional de la Mujer*. Recuperado de: <http://feminismo.about.com/od/historia/fl/Clara-Zetkin-pionera-del-feminismo-socialista.htm>.
- Barkley, E.F.; Cross, K. P. e Major, C.H. (2005). *Técnicas de aprendizaje colaborativo*. Madrid: Morata.
- Bernal, D. (25 de maio de 2016). Día del Trabajo 2016: por qué se celebra el 1 de mayo. *El País*. Recuperado de: [http://internacional.elpais.com/internacional/2016/05/01/mexico/1462078570\\_224431.html](http://internacional.elpais.com/internacional/2016/05/01/mexico/1462078570_224431.html).
- Biggs, J. B. (2005). *Calidad del aprendizaje universitario*. Madrid: Narcea.
- Bravo Garrido, M.A. (2007). El currículo como campo de estudio y aplicación de la didáctica. En Navarro Hinojosa, R. (coord.), *Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias* (pp.155-184). Madrid: Editorial Dykinson.
- Canal de Gundisalvi (28 de marzo de 2011). *MOVIMIENTO OBRERO Sigo XIX* [Arquivo de vídeo]. <https://www.youtube.com/watch?v=iJjuVNfb-yw>.
- Cano, E. (editora) (2012). *Aprobar o aprender. Estrategias de evaluación en la sociedad red*. Recuperado de: [http://www.lmi.ub.es/transmedia21/pdf/4\\_AprobaroAprender.pdf](http://www.lmi.ub.es/transmedia21/pdf/4_AprobaroAprender.pdf).
- Castaño, C., Maiz, I., Palacio, G. y Villarroel, J. D. (2008). *Prácticas educativas en entornos Web 2.0*. Madrid: Síntesis.
- Cerrón Jorge, L. A. (2010). El papel del mercado en la construcción de los modelos de Formación Profesional: la mercantilización del sistema. *REIFOP*, 13(2), 54-63.

Recuperado

de:

[http://aufop.com/aufop/uploaded\\_files/articulos/1278785007.pdf](http://aufop.com/aufop/uploaded_files/articulos/1278785007.pdf).

Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (2011).

*Achegas da coordinadora galega de ENDL (Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística) sobre a situación do galego no ensino para o Informe sobre o cumprimento en Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM).*

Recuperado de:

[http://coordinadoraendl.org/doc/comun\\_CELRM\\_achegas\\_situaci%C3%B3n\\_galego\\_ambito\\_educativo.pdf](http://coordinadoraendl.org/doc/comun_CELRM_achegas_situaci%C3%B3n_galego_ambito_educativo.pdf).

Corporación de Radio e Televisión Española (14 de novembro de 2012). *La huelga del 14N se cierra con manifestaciones en toda España* [Arquivo de vídeo].

Recuperado de: <http://www.rtve.es/alcanta/videos/telediario/huelga-general-del-14n-consume-ultimas-horas/1579320/>.

Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG núm. 131, do 12/07/2010, páxinas 12636 a 12653).

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 242, do 21/12/2011, páxinas 37487 a 37515).

Decreto 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en estética integral e benestar (DOG núm. 168, do 04/11/2012, páxinas 34980 a 35137).

De Fez Solaz, M.C., García González, B.J., Tena Cornelles, D. (2015). *Formación y orientación laboral*. Valencia: TuLibrodeFP.

De Miguel, M (2006). *Modalidades de enseñanza centradas en el desarrollo de competencias. Orientaciones para promover el cambio metodológico en el espacio europeo de educación superior*. Oviedo: Ediciones Universidad de Oviedo.

Día Internacional del Trabajo (s.d.) Recuperado o 5 de maio de 2016 de: [http://www.trabajo.com.mx/dia\\_internacional\\_del\\_trabajo.htm](http://www.trabajo.com.mx/dia_internacional_del_trabajo.htm).

Díaz, F. y Hernández, G. (2002). *Estrategias docentes para un aprendizaje significativo. Una interpretación constructivista* (2a ed.). México D.F.: McGraw-Hill.

Díez Gutiérrez, E. J. (2010). La globalización neoliberal y sus repercusiones en educación. *REIFOP*, 13(2), 23-38. Recuperado de: [http://aufop.com/aufop/uploaded\\_files/articulos/1278784859.pdf](http://aufop.com/aufop/uploaded_files/articulos/1278784859.pdf).

Documentación El País (14 de xuño de 2010). Las huelgas generales de la democracia. *El País*. Recuperado de: [http://economia.elpais.com/economia/2010/06/14/actualidad/1276500781\\_850215.html](http://economia.elpais.com/economia/2010/06/14/actualidad/1276500781_850215.html).

Donoso, T. Figuera, P. e Rodriguez M.L. (2007). *Mujeres y Mercado Laboral: un desencuentro permanente*. Recuperado de: <http://diposit.ub.edu/dspace/bitstream/2445/34756/1/MUJERES%20Y%20MERCADO%20LABORAL.pdf>.

Educalab educación (30 de abril de 2015). *Vídeo 2.2. Qué es la competencia digital - Ideas clave* [Vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=wm2VZOffRXQ&feature=youtu.be>.

Educalab educación (8 de maio de 2015). *Vídeo 3.2. Enseñar la competencia digital en el aula - Ideas clave* [Vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=RpwzjF-dmhs&feature=youtu.be>.

Encuesta para evaluar a los profesores por parte de los estudiantes de pregrado (s.d.). Recuperado o 12 de xuño de 2016 de: [https://mi.urosario.edu.co/fileadmin/evaluacion\\_profesores/politicas/formato\\_eval\\_estudiantes.pdf](https://mi.urosario.edu.co/fileadmin/evaluacion_profesores/politicas/formato_eval_estudiantes.pdf).

Fortea Bagán, M.A. (2009). *Metodologías didácticas para la enseñanza/aprendizaje de competencias*. Recuperado de: [http://cefire.edu.gva.es/pluginfile.php/73850/mod\\_folder/content/0/Miguel\\_A.\\_Forte/Metodologias\\_didacticas\\_E-A\\_competencias\\_FORTEA\\_.pdf?forcedownload=1](http://cefire.edu.gva.es/pluginfile.php/73850/mod_folder/content/0/Miguel_A._Forte/Metodologias_didacticas_E-A_competencias_FORTEA_.pdf?forcedownload=1).

Gabilondo, I. (s.d.). *Muerte a los sindicatos*. Recuperado o 7 de maio de 2016 de: [http://www.industria.ccoo.es/comunes/recursos/51269/doc144902\\_MUERTE\\_A\\_LOS\\_SINDICATOS\\_.pdf](http://www.industria.ccoo.es/comunes/recursos/51269/doc144902_MUERTE_A_LOS_SINDICATOS_.pdf).

Gámez, C. (29 de marzo de 2013). Las huelgas generales de la democracia. *20 minutos*. Recuperado de: <http://www.20minutos.es/graficos/las-huelgas-generales-de-la-democracia-12/0/>.

García-Abadillo, G. (18 de novembro de 2013). El misterio de la financiación sindical. *El Mundo*. Recuperado de: <http://www.elmundo.es/espana/2013/11/18/528957040ab74072278b457a.html>.

García Cabeza, B. (2016). Apuntamentos da materia de Didáctica, currículo e organización escolar.

García, L. (2005) Webquest. *Boletín Electrónico de Noticias de Educación a Distancia (BENED)* pp.1-4. Recuperado de: <http://espacio.uned.es/fez/view.php?pid=bibliuned:321>.

Gómez Jarabo, I. e Gómez Gómez, M. (novembro de 2012). El uso del blog como recurso didáctico en los grados de educación. En D. Cobos Sanchiz, A. Jaén Martínez, E. López Meneses, A.H. Martín Padilla e L. Molina García

(directores), *Nuevas Tecnologías de la Información y la Comunicación en contextos formativos*. Simposio llevado a cabo no I Congreso Virtual Internacional sobre Innovación Pedagógica y Praxis Educativa INNOVAGOGÍA 2012, Sevilla, España.

Gómez, Rosario G. (25 de xullo de 2003). TVE condenada por no informar con objetividad sobre la huelga general. *El País*. Recuperado de: [http://elpais.com/diario/2003/07/25/sociedad/1059084002\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2003/07/25/sociedad/1059084002_850215.html).

Gómez Sánchez-Albornoz, E. e Alonso Cuervo, I. (2006). *Acompañar procesos de diversificación profesional en el sector de la construcción*. Recuperado de: [http://www.empleo.gob.es/uafse\\_2000-2006/equal/ProductosEqual/archivos/AD\\_450\\_producto\\_7.pdf](http://www.empleo.gob.es/uafse_2000-2006/equal/ProductosEqual/archivos/AD_450_producto_7.pdf).

Higueras, E. y Quintana, J. (2009). *Las WebQuest, una metodología de aprendizaje cooperativo, basada en el acceso, el manejo y el uso de información de la red*. Barcelona: Octaedro.

Ibáñez, I. (13 de marzo de 2014). ¿Por qué hablamos mal de los sindicatos? *Elcorreo.com*. Recuperado de: <http://www.elcorreo.com/vizcaya/20140313/mas-actualidad/sociedad/hablamos-sindicatos-201403121508.html>.

IndustriaCCOO (12 de setembro de 2011). *Mentiras (y verdades) sobre los sindicatos* [Archivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=ccDosJ2hSxl>.

Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado (2013). *Marco Común de Competencia Digital Docente*. Recuperado de: <http://educalab.es/documents/10180/12809/MarcoComunCompeDigiDoceV2.pdf>.



Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado (s.d.). 8 de marzo. *Día Internacional de la Mujer*. Recuperado o 5 de maio de 2016 de: <http://www.ite.educacion.es/ca/inicio/noticias-de-interes/763-8-de-marzo-dia-internacional-de-la-mujer>.

Jóvenes CCOO (23 de xullo de 2010). *¿Qué hacen los sindicatos por nosotros?* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=aXHM7AUXOH0>.

Lankshear, C. y Knobel, H. (2008). *Nuevos alfabetismos: su práctica cotidiana y su aprendizaje en el aula*. Madrid: Morata.

LaSexta (11 de novembro de 2011). *Salvados - "Cuando luchas puedes ganar, pero si no luchas seguro que pierdes"* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=WcKiZ2VaHmw>.

LaSexta (23 de novembro de 2015). *Juan.M Martínez: "CCOO y UGT han dejado de ser los sindicatos de la clase trabajadora"- Salvados* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=IE8fJ9dcR2s>.

LaSexta (23 de novembro de 2015). *Owen Jones: "La gente poderosa contra la que luchamos perdió en el pasado"* – Salvados [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: [https://www.youtube.com/watch?v=I\\_s63cOh7Qg](https://www.youtube.com/watch?v=I_s63cOh7Qg).

LaSexta (23 de novembro de 2015). *Owen Jones: "No hacen programas sobre ricos porque no interesa"* – Salvados [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=CAO5gcb2cYk>.

Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (BOE núm. 71, de 23/03/2007, páxinas 12611 a 12645).

Libertad sindical (s.d.). Enciclopedia jurídica. Recuperado o 5 de maio de 2016 de: <http://www.encyclopedia-juridica.biz14.com/d/libertad-sindical/libertad-sindical.htm>.

López Pastor, V.M. (coord.) (2009). *Evaluación Formativa y Compartida en Educación Superior: Propuestas, técnicas, instrumentos y experiencias*. Madrid: Narcea.

Martínez, E. e Raposo, M. (2011). La Rúbrica en la Enseñanza Universitaria: Un Recurso Para la Tutoría de Grupos de Estudiantes. *Formación Universitaria*, 4(4), 19-28. doi: 10.4067/S0718-50062011000400004.

Mollá Castells, T. (7 de marzo de 2011). *Mujeres sindicalistas, luchadoras invisibles* [Entrada de blog]. Recuperado de: <http://e-mujeres.net/blog/mujeres-sindicalistas-luchadoras-invisibles>.

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia (DOG núm. 31, do 13/02/2009, páxinas 11316 a 11317).

Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG núm. 136, do 15/07/2011, páxinas 19708 a 19781).

Ortega, P. (11 de novembro de 2012). Ocho huelgas: magros resultados. *El Mundo*. Recuperado de: <http://www.elmundo.es/elmundo/2012/11/06/economia/1352215513.html>.

Palma, F.J. (7 de xuño de 2014). *U.D. 5 RUBRICAS DE EVALUACIÓN Y LÍNEA DE TIEMPO* [Entrada de blog]. Recuperado de: <http://fjpalmayelabp.blogspot.com.es/2014/06/linea-del-tiempo.html>.

Partida Toledo, A.B. (2011). La fundamentación del currículo. Recuperado de: [http://www.csi-f.es/archivos/andalucia/ensenanza/revistas/iee/Numero\\_48/ANA%20BELEN\\_PARTIDA\\_1.pdf](http://www.csi-f.es/archivos/andalucia/ensenanza/revistas/iee/Numero_48/ANA%20BELEN_PARTIDA_1.pdf).

Real Decreto 881/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE núm. 176, de 23/07/2011, páxinas 82133 a 82206).

Recio, C e Torns, T. (2011). Las mujeres y el sindicalismo: avances y retos ante las transformaciones laborales y sociales. *Gaceta sindical* (16), 241-258.  
Recuperado de:  
[https://ddd.uab.cat/pub/artpub/2011/131260/gacsin\\_a2011n16p241iSPA.pdf](https://ddd.uab.cat/pub/artpub/2011/131260/gacsin_a2011n16p241iSPA.pdf).

Resolución de 17 de marzo de 2015, de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el Convenio colectivo para peluquerías, institutos de belleza y gimnasios (BOE núm. 77, de 31/03/2015, páxinas 27478 a 27501).

Rodríguez Romero, M. M. (2016). Apuntamentos da materia de Innovación docente.

Roth B. (2 de maio de 2010). *Los sindicatos en España* [Arquivo de vídeo].  
Recuperado de: [https://www.youtube.com/watch?v=JtzLX\\_BH96g](https://www.youtube.com/watch?v=JtzLX_BH96g).

Sahuquillo, M.R. (8 de marzo de 2016). Día Internacional de la Mujer: por qué se celebra el 8 de marzo. *El País*. Recuperado de:  
[http://elpais.com/elpais/2016/03/08/actualidad/1457391656\\_822617.html](http://elpais.com/elpais/2016/03/08/actualidad/1457391656_822617.html).

SQAI Didàctic (18 de marzo de 2013). *Herramientas TIC: ¿Cómo funciona Mural.ly?* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de:  
<https://www.youtube.com/watch?v=Po2VpbeKeSw>.

Tapia, A. (1991). *Principios para el diseño motivacional de instrucción*. Recuperado de:  
[http://ocw.ub.edu/psicologia/psicologia-de-leducacio-1/bloc-ii/RecursosBT\\_2/Esquemas\\_de\\_los\\_contenidos\\_BT\\_2/Recursos\\_T6\\_T7/5.PrincipiosDisenoMotivacional.pdf](http://ocw.ub.edu/psicologia/psicologia-de-leducacio-1/bloc-ii/RecursosBT_2/Esquemas_de_los_contenidos_BT_2/Recursos_T6_T7/5.PrincipiosDisenoMotivacional.pdf).

Temprano, A. (2009). *Webquest. Aproximación práctica al uso de Internet en el aula*. Alcalá de Guadaíra (Sevilla): MAD.

Tinjaca, J. (3 de outubro de 2010). *HISTORIA DEL MOVIMIENTO OBRERO* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=lv-YX9YGtgU>.

Torres López, J. (17 de xaneiro de 2011). ¿Por qué atacan tanto a los sindicatos? *ATTAC España*. Recuperado de: <http://www.attac.es/2011/01/17/por-que-atacan-tanto-a-los-sindicatos/>.

Torres, J. (28 de setembro de 2009). Los sindicatos, más necesarios que nunca. *ATTAC España*. Recuperado de: <http://www.attac.es/2009/09/28/los-sindicatos-mas-necesarios-que-nunca/>.

TvPTS El canal de la izquierda (1 de maio de 2009). *Los Mártires de Chicago – HISTORIA del 1ro de MAYO* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=WgPmDBCQfwE>.

Urrutia Pérez, C. (s.d.). *La participación de las mujeres en las organizaciones sindicales*. Recuperado o 5 de maio de 2016 de: [https://www.nodo50.org/mujeresred/sindicalismo-carmen\\_urrutia.html](https://www.nodo50.org/mujeresred/sindicalismo-carmen_urrutia.html).

Valcárcel Pérez, M<sup>a</sup>. V. (s.d.). *Presentación y explicación de los contenidos: la clase magistral*. Recuperado o 9 de maio de 2016 de: [https://www.um.es/c/document\\_library/get\\_file?uuid=6a9e9620-b306-42c8-91e5-cef7198d39e4&groupId=316845](https://www.um.es/c/document_library/get_file?uuid=6a9e9620-b306-42c8-91e5-cef7198d39e4&groupId=316845).

Villaverde Aguilera, M<sup>a</sup>.J. (2008). *Un deseo: ¿Cómo contribuir desde la orientación a una sociedad más igualitaria y más justa?* Recuperado de: <http://www.educaweb.com/noticia/2008/11/17/contribuir-orientacion-sociedad-mas-igualitaria-3312>

Xunta de Galicia (2013). *VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015*. Recuperado de:

<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/viplanigualdade-vw2-2013feb15.pdf>.

## 6. Anexos

### Anexo I: Táboa coa normativa aplicable á proposta

	Normativa legal	Vinculación coa proposta
Ámbito estatal	Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.	O Ciclo Superior de Estética Integral e Benestar no que se enmarca a proposta trátase dun ciclo regulado conforme ao establecido na LOE.
	Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.	Lei que recolle diversos aspectos relacionados coa formación profesional, como o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, as ofertas de formación profesional ou o recoñecemento e avaliación das cualificacións profesionais.
	Real Decreto 881/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar e se fixan as súas ensinanzas mínimas.	Trátase do Real Decreto polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar, onde se regulan aspectos importantes tanto para a fundamentación como para o deseño da proposta, como por exemplo, a identificación do título ou as competencias profesionais, persoais e sociais. Xunto co Decreto 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en estética integral e benestar, constitúe o primeiro nivel de concreción curricular desta proposta.
	Real Decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.	Neste Real Decreto tamén se indican cuestións vinculadas á FP, como a estrutura dos títulos e dos módulos profesionais, ou a finalidade e obxectivos da FP.
Ámbito autonómico	Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional. Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011 do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	Ao contextualizarse a presente proposta nun Centro Integrado de Formación Profesional, faise necesario consultar esta normativa para coñecer o seu funcionamento e organización.
	Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.	Texto legal esencial á hora de abordar a fundamentación sociolóxica para dar conta da finalidade da FP en Galicia, así como para, entre outras cuestións, coñecer a organización das ensinanzas de FP.
	Decreto 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente	Trátase do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo no que se enmarca a proposta, polo que é fundamental para identificar o título,

	<p>ao título de técnico superior en estética integral e benestar.</p>	<p>analizar os obxectivos e as competencias xerais, e, sobre todo, para coñecer os contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo de FOL, o que será moi importante tanto para a fundamentación como para o deseño da proposta. Xunto co Real Decreto 881/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar e se fixan as súas ensinanzas mínimas, constitúe o primeiro nivel de concreción curricular desta proposta.</p>
	<p>Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.</p>	<p>Textos legais fundamentais á hora de xustificar a utilización do galego como lingua vehicular do ensino na fundamentación sociolóxica.</p>
	<p>Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Importante á hora de tratar as medidas de atención á diversidade no deseño da proposta.</p>
	<p>Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.</p>	<p>Esencial para elaborar a proposta de avaliación, pois se recollen cuestións como a avaliación inicial, a perda do dereito á avaliación continua ou a avaliación final.</p>

## Anexo II: Breve descrición do blog da materia

O blog creado para a materia chámase “Construíndo FOL” e pode atoparse na seguinte ligazón: <https://construindofol.wordpress.com/>. Antes de nada, cómpre dicir que o blog está bastante baleiro de contido, pois foi creado a modo de exemplo para reflectir como se organizaría e como se utilizaría no desenvolvemento da presente unidade didáctica.

O blog consta das seguintes categorías:

- Presentacións: aquí subiranse as presentacións PowerPoint das diferentes unidades que compoñen o módulo de FOL.
- Actividades: neste apartado, o docente subirá diversas actividades que se realicen ao longo do curso. Así mesmo, será o lugar onde alumnado entregue

as actividades realizadas. Esta categoría atópase dividida en 10 bloques que se corresponden con cada un dos temas da programación.

- Actualidade: neste bloque compartíranse novas relacionadas co módulo de FOL tanto polo docente como polo alumnado.
- Marcadores sociais: aquí incorporaranse marcadores sociais relacionados coa materia para que o alumnado teña enlaces de interese ben clasificados e ordenados.
- Orientación: esta categoría divídese á súa vez nas subcategorías de bolsas, emprego (que se divide nos apartados de curriculum, videocurriculum, entrevista e portais), Europa, formación, identidade dixital, non ao machismo, técnicas de estudo. Cómpre salientar que a categoría “non ao machismo” está en relación co enfoque de xénero, mais este título inspírase no blog “Busca tu camino” (<http://buscatucamino.com/blog/>), pois parece un título atractivo que pode chamar a atención do alumnado.

Doutra banda, pódese observar como algunhas entradas do blog están relacionadas con varias categorías. Por iso, é moi útil crear etiquetas, xa que así a información queda ben organizada e se facilita o acceso a ela. De feito, na parte inferior do blog engadiuse unha nube de etiquetas, desde a que se pode acceder directamente á información que interese.

Por último, hai que recordar a importancia que ten darlle difusión ao blog. Para iso creouse unha conta de Twitter (@construindofol) que se atopa vinculada ao propio blog. Unha vez máis, na parte inferior pódese observar a conta cos tweets publicados e, ademais, pódese seguir directamente facendo click dende o propio blog.



### Anexo III: Oferta formativa do centro

Imaxe Persoal	Fabricación mecánica	Transporte e Mantemento de vehículos	Madeira e moble	Edificación e obra civil
CM Peiteado e cosmética capilar	CM Mecanizado	CM Carrozaría	CM Carpintería e moble	CS Realización e plans de obra
CM Estética e beleza	CM Soldadura e caldeiraría	CM Electromecánica de vehículos	CS Deseño e amoblamento	CS Proxectos de obra civil
CS Estética integral e benestar	CS Programación da produción en fabricación mecánica	CS Automoción		CS Proxectos de edificación
CS Estilismo de dirección de peiteado	CS Construcións metálicas	CB Mantemento de vehículos		
CB Peiteado e estética	CB Fabricación e montaxe			

Ademais, tamén se ofertan en réxime modular os seguintes ciclos:

- CM Construción.
- CM Mecanizado.
- CM Peiteado e cosmética capilar.
- CM Soldadura e caldeiraría.
- CM Electromecánica de vehículos.
- CM Instalación e amoblamento.
- CS Proxectos de edificación.
- CS Proxectos de obra civil.
- CS Estética integral e benestar.

Por último, en modalidade a distancia ofértanse o CS Proxectos de obra civil e CS Construcións metálicas.

## Anexo IV: Vinculación entre RA, CA, obxectivos e contidos

Resultado de Aprendizaxe		
RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo		
Critérios de avaliación	Contidos	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en estética integral e benestar.</li> <li>- CA2.6.1. Desenvolveuse unha actitude crítica fronte ao fortalecemento da empresa á hora de modificar as condicións do convenio colectivo trala Reforma Laboral de 2012.</li> <li>- CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.</li> <li>- CA2.7.1. Valoráronse as medidas recollidas no convenio colectivo aplicable ao sector do título de Técnico Superior en Estética Integral e Benestar relativas á conciliación da vida laboral e familiar e para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><u>O convenio colectivo</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais condicións de traballo recollidas no convenio colectivo.</li> <li>- Presenza de medidas para a conciliación laboral e a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Melloras que establece o convenio colectivo fronte á lexislación laboral vista en unidades anteriores.</li> <li>- Implicacións da reforma laboral no convenio colectivo.</li> <li>- Relación entre convenio de empresa e de sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar e valorar as condicións de traballo recollidas no convenio colectivo do sector, entre elas as vinculadas á conciliación familiar e laboral e á igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Identificar e valorar os cambios que introduciu a Reforma Laboral de 2012 en relación aos convenios colectivos, especialmente no que fai á capacidade da empresa para modificar aspectos regulados no convenio.</li> <li>- Recoñecer a relación existente entre convenio de empresa e de sector.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.</li> <li>- CA2.10.1. Valorouse dun xeito crítico a necesidade dos sindicatos na actualidade.</li> <li>- Desenvolveuse unha actitude crítica fronte ao tratamento que reciben os sindicatos nos medios de comunicación</li> </ul>	<p><u>A representación das persoas traballadoras na empresa.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Representación colectiva unitaria: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Os delegados/as de persoal e o comité de empresa.</li> <li>o Competencias e garantías dos delegados/as de persoal e membros do comité.</li> <li>o As eleccións a representantes.</li> </ul> </li> <li>- A representación colectiva sindical: os sindicatos. <ul style="list-style-type: none"> <li>o Organización, financiamento e tipos.</li> <li>o A participación dos sindicatos nas empresas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ As seccións sindicais.</li> <li>▪ Os delegados sindicais.</li> </ul> </li> <li>o A imaxe dos sindicatos nos medios de comunicación.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer os modelos de representación unitaria e de representación sindical.</li> <li>- Valorar a importancia dos sindicatos e reflexionar sobre o seu labor actual.</li> <li>- Adoptar unha actitude crítica fronte á imaxe que se amosa dos sindicatos nos diferentes medios de comunicación.</li> <li>- Valorar a loita sindical como un medio para a defensa das condicións laborais das persoas traballadoras.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>- CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.</li> </ul>	<p><u>Conflitos colectivos.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A folga.</li> <li>- O peche patronal.</li> <li>- A solución extraxudicial de conflitos.</li> <li>- A vulneración do dereito de folga.</li> <li>- A manipulación de información polos medios de comunicación.</li> <li>- - As folgas xerais en España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar os conflitos colectivos e recoñecer a solución extraxudicial de conflitos como unha vía de acordo.</li> <li>- Identificar os requisitos básicos e analizar os efectos dunha folga.</li> <li>- Recoñecer como pode vulnerarse o dereito de folga.</li> <li>- Analizar casos de manipulación da información polos medios e adoptar unha actitude crítica fronte a estes feitos.</li> <li>- Caracterizar as folgas xerais levadas a cabo en España no que fai ós seus motivos e logros e reflexionar sobre o seu papel na defensa dos dereitos dos traballadores/as.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorouse a actividade sindical como un pilar para a mellora das condicións laborais.</li> <li>- Valorouse o papel levado a cabo pola muller na actividade sindical.</li> </ul>	<p><u>A liberdade sindical: un pilar esencial na mellora das condicións laborais.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A liberdade sindical como dereito fundamental.</li> <li>- As condicións de vida e traballo antes da aparición do movemento obreiro.</li> <li>- A aparición do movemento sindical e a súa influencia na mellora das condicións laborais.</li> <li>- - O papel da muller na actividade sindical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer e valorar o papel histórico desenvolvido polo movemento obreiro na mellora das condicións laborais.</li> <li>- Valorar a importancia da liberdade sindical como dereito fundamental.</li> <li>- Interesarse polo labor levado a cabo pola muller na actividade sindical.</li> </ul>

## Anexo V: Actividade 2 “webquest sobre liberdade sindical”


A actividade no blog pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://construindofol.wordpress.com/2016/06/09/webquest-sobre-liberdade-sindical/>.

Como recoller capturas de pantalla ocuparía moito espazo, achégase unha pequena captura que demostra que a actividade está subida no blog:



# Webquest sobre liberdade sindical

© 9 junio, 2016  Actividades  Sindicatos, Tema 8, Webquest

A continuación, amósase a formulación da actividade no blog:

### Webquest: A liberdade sindical

#### A) Presentación da actividade

Como se viu na clase, as condicións laborais cambiaron moito ao longo da historia. Esta actividade ten por obxectivo que valoredes a importancia da liberdade sindical como dereito fundamental e que sexades conscientes do papel esencial que teñen os sindicatos nunha sociedade democrática.

Para realizar esta actividade, teredes que traballar en grupos de tres persoas e redactar un informe no que se incorporen, como mínimo, as respostas ás preguntas que se amosan a continuación. O informe elaborárase dun xeito consensuado e, para realizar a tarefa, apórtanse unha serie de enlaces nos que atoparedes a información necesaria.

#### Preguntas:

1. Que é a liberdade sindical? Foi sempre un dereito?

2. Como eran as condicións de traballo e de vida antes da aparición dos sindicatos? Por que xurdiu o movemento sindicalista? Como actuaban para loitar polos dereitos da clase obreira?
3. Se comparamos esas condicións coas vistas no módulo de FOL, centrándonos, por exemplo, na xornada laboral e na seguridade no traballo, pensades que se produciron avances? Credes que a loita obreira influíu nestas melloras?
4. Que papel desenvolveron as mulleres na actividade sindical? Pensades que a visibilidade que teñen a muller e o home no movemento sindical é a mesma? Por que?
5. Que se celebra o 1 de maio e o 8 de marzo? Por que?

Nota: Recoméndase consultar todos os recursos, mais non é imprescindible para contestar correctamente tódalas cuestións.

### **B) Material a entregar**

Ao finalizar a actividade, teredes que subir o voso traballo ao blog, de forma que as vosas compañeiras podan realizar comentarios nos vosos traballos e viceversa. É obrigatorio que comentedes, como mínimo, dous comentarios nos traballos dos demais grupos, nos que expresedes a vosa opinión e os posibles aspectos a mellorar. A actividade ten que estar subida no blog nun prazo de 48 horas.

### **C) Criterios de avaliación**

- Adecuación e razoamento das respostas.
- Organización e presentación do documento entregado.
- Participación activa dentro do grupo.
- Interacción cos demais grupos a través do blog.

### **D) Recursos**

#### Pregunta 1

<http://www.enciclopedia-juridica.biz14.com/d/libertad-sindical/libertad-sindical.htm>.

Información sobre a liberdade sindical.

#### Preguntas 2 e 3

<https://www.youtube.com/watch?v=lv-YX9YGtgU>. Vídeo sobre a historia do movemento obreiro. Duración: 5:54.

<https://www.youtube.com/watch?v=bUWoVYfO90Q>. Vídeo sobre as condicións de vida e traballo da clase obreira no século XIX. Duración: 4:00.

<https://www.youtube.com/watch?v=iJjuVNfb-yw>. Vídeo sobre o movemento obreiro en España de finais do século XIX. Duración: 11:42.

<https://www.youtube.com/watch?v=3pFMvfE9Wgo>. Outro vídeo sobre o movemento obreiro en España de finais do século XIX (visto na clase). Duración: 3:53.

<https://www.youtube.com/watch?v=aXHM7AUXOH0>. Vídeo no que se amosan algún dos logros acadados polos sindicatos (visto na clase). Duración: 3:24.

[https://www.youtube.com/watch?v=l\\_s63cOh7Qg](https://www.youtube.com/watch?v=l_s63cOh7Qg). Entrevista a Owen Jones na que fala sobre a liberdade sindical. Duración: 4:03.

#### Pregunta 4

[https://ddd.uab.cat/pub/artpub/2011/131260/gacsin\\_a2011n16p241iSPA.pdf](https://ddd.uab.cat/pub/artpub/2011/131260/gacsin_a2011n16p241iSPA.pdf). Artigo que recolle algunhas contribucións das mulleres ao movemento obreiro.

<http://e-mujeres.net/blog/mujeres-sindicalistas-luchadoras-invisibles>. Artigo sobre a invisibilidade histórica das mulleres no sindicalismo.

[https://www.nodo50.org/mujeresred/sindicalismo-carmen\\_urrutia.html](https://www.nodo50.org/mujeresred/sindicalismo-carmen_urrutia.html). Artigo sobre a participación das mulleres nas organizacións sindicais.

#### Pregunta 5:

[http://internacional.elpais.com/internacional/2016/05/01/mexico/1462078570\\_224431.html](http://internacional.elpais.com/internacional/2016/05/01/mexico/1462078570_224431.html). Artigo que explica a orixe do Día Internacional dos Traballadores.

<https://www.youtube.com/watch?v=WgPmDBCQfwE>. Vídeo no que se relata a historia dos “Mártires de Chicago”. Duración: 9:00.

[http://www.trabajo.com.mx/dia\\_internacional\\_del\\_trabajo.htm](http://www.trabajo.com.mx/dia_internacional_del_trabajo.htm). Artigo sobre a orixe do Día Internacional dos Traballadores.

<http://www.ite.educacion.es/ca/inicio/noticias-de-interes/763-8-de-marzo-dia-internacional-de-la-mujer>. Información sobre a orixe do Día Internacional da MullerTraballadora.

[http://elpais.com/elpais/2016/03/08/actualidad/1457391656\\_822617.html](http://elpais.com/elpais/2016/03/08/actualidad/1457391656_822617.html). Artigo sobre a orixe do Día Internacional da MullerTraballadora.

<http://feminismo.about.com/od/historia/fl/Clara-Zetkin-pionera-del-feminismo-socialista.htm>. Artigo sobre Clara Zetkin, impulsora do Día Internacional da MullerTraballadora.

## **E) Conclusión**

Con esta actividade preténdese que valoredes a importancia da liberdade sindical na loita polos dereitos das persoas traballadoras e o labor levado a cabo pola muller na actividade sindical.

## **Anexo VI: Presentacións PowerPoint para as actividades 3, 5 e 6**

En primeiro lugar, cómpre mencionar que ás presentacións pode accederse a través da seguinte ligazón: <https://construindofol.wordpress.com/presentacions/>. De seguido, amósanse as diapositivas da presentación da unidade:

1

## Unidade 8

### A participación das persoas traballadoras

## 1. A representación unitaria 2

- ▶ A) As eleccións a representantes
- Características das eleccións:
- Quen se pode presentar?
  - Por quen está formada a mesa electoral?
  - Que sucede se a empresa ten máis ou menos de 50 traballadores/as?



## 1. A representación unitaria 3

B) Os delegados de persoal e o comité de empresa

Delegados de persoal

De 6 a 10 traballadores	1 delegado
De 11 a 30 traballadores	1 delegado
De 31 a 49 traballadores	3 delegados

## 1. A representación unitaria 4

Traballadores	Membros
De 50 a 100	5
De 101 a 250	9
De 251 a 500	13
De 501 a 750	17
De 751 a 1000	21
Máis de 1000	Se engaden 2 membros por cada 1000 ou fracción (máximo 75 membros)

## 1. A representación unitaria 5

- C) Outros comités
- Comité conxunto
  - Comité intercentros
  - Comité de empresa europeo



## 1. A representación unitaria 6

- D) Competencias e garantías
- Vixiar o cumprimento da normativa laboral
  - Prioridade de permanencia na empresa
  - Dereito a expresar as súas opinións
  - Etc.



## 2. Os sindicatos 7

- A) A organización dos sindicatos
- Como se financian?
  - Quen non pode pertencer a un sindicato?
  - Que tipos de sindicatos existen?



## 2. Os sindicatos 8

- B) A participación dos sindicatos nas empresas
- Seccións sindicais: Todos os afiliados a un sindicato nunha empresa.
  - Delegados sindicais: Representantes dos sindicatos dentro dunha empresa.
- Requisitos:
- Polo menos 250 traballadores
  - Polo menos un representante





### 3. O convenio colectivo 9

Convenios e reforma laboral de 2012

Antes da reforma laboral	Despois da reforma laboral
Prorrogábanse automaticamente	Mantense para traballadores/as que firmaron o contrato co convenio en vigor
Convenio de sector superior ao de empresa	Convenio de empresa preferencia sobre convenio de sector nalgunhas materias
Necesario acordo de representantes para a súa modificación	As empresas poden modificar diversas condicións

### 4. Os conflitos colectivos 10

A) A folga

- Requisitos:

- Laboral
- Directa
- Sen alteración do convenio
- Non abusiva



### 4. Os conflitos colectivos 11

- Procedemento de folga
  - Convocatoria
  - Comité de folga
  - Desenvolvemento da folga
  - Consecuencias da folga



### 4. Os conflitos colectivos 12

B) O peche patronal

Medida adoptada pola empresa para impedir o acceso aos traballadores/as.

C) A solución extraxudicial de conflitos

- Conciliación
- Mediación
- Arbitraje



## Anexo VII: Actividade 4 “Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?”

A actividade no blog pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://construindofol.wordpress.com/2016/06/09/que-se-di-dos-sindicatos-nos-medios-de-comunicacion/>.

Como recoller capturas de pantalla ocuparía moito espazo, achégase unha pequena captura que demostra que a actividade está subida no blog:

Actividades Actualidade Marcadores sociais Orientación

## Que se di dos sindicatos nos medios de comunicación e cal é a nosa opinión?

© 9 Junio, 2016 Actividades Medios, Sindicatos, Tema 8 Editar

A continuación, amósase como se formula a actividade no blog:

Despois de coñecer unha información xeral sobre os sindicatos, cómpre analizar que tratamento se fai dos sindicatos nos medios de comunicación. Nesta actividade teredes que consultar diversos artigos e vídeos (que se achegan a continuación) que amosan distintas opinións sobre o labor dos sindicatos na actualidade. Tamén podedes consultar as novas relacionadas cos sindicatos que puxestes no blog. Unha vez consultados tódolos recursos, deberedes contestar as seguintes cuestións, subindo as vosas respostas nesta entrada do blog, coa fin de que as vosas compañeiras podan realizar comentarios nos vosos traballos e contrastar pareceres. Ao igual que fixemos na actividade da Webquest, é obrigatorio que publiquedes un mínimo de dous comentarios nos traballos dos demais grupos.

## **Bloque 1**

### Recursos a empregar:

“Los sindicatos en España”: [https://www.youtube.com/watch?v=JtzLX\\_BH96g](https://www.youtube.com/watch?v=JtzLX_BH96g)

(Duración: 5:15)

“El misterio de la financiación sindical”:

<http://www.elmundo.es/espana/2013/11/18/528957040ab74072278b457a.html>

“Mentiras (y verdades) sobre los sindicatos”:<https://www.youtube.com/watch?v=ccDosJ2hSxl> (Duración: 5:40)

“¿Por qué hablamos mal de los sindicatos?”:

<http://www.elcorreo.com/vizcaya/20140313/mas-actualidad/sociedad/hablamos-sindicatos-201403121508.html>

### Preguntas:

1. Semella evidente que, aínda que se trata o mesmo tema, a información ofrecida nos dous primeiros recursos é moi diferente da que se amosa nos dous últimos. Por que cres que se producen estas diferenzas? Pensas que os

medios ofrecen a información con obxectividade ou do xeito que máis lles interese segundo a súa ideoloxía?

2. Na túa opinión, cal das dúas informacións cres que se axusta máis á realidade?

## **Bloque 2**

Recursos a empregar:

“No hacen programas sobre ricos porque no interesan”:

<https://www.youtube.com/watch?v=CAO5gcb2cYk> (Duración: 4:46)

Preguntas:

1. Segundo o que se ve día tras día nos medios de comunicación e tendo en conta tamén o que se viu no bloque anterior, estás de acordo con Owen Jones cando afirma que os medios de comunicación están politizados? Se a resposta é afirmativa, en que o observas?
2. Owen Jones comenta que os medios están a desprestixiar á clase obreira, o que se observa, por exemplo, nos programas televisivos que transmiten imaxes negativas sobre ela. Cres que en España acontece o mesmo? Poderías poñer algún exemplo? Por se che serve de guía, pensa en programas do tipo “Hermano mayor”. Que os adolescentes que aparecen no programa teñan un mal comportamento, non significa que tódolos demais o teñan, non si?
3. Pararaste a pensar algunha vez nesta circunstancia? Por que consideras que se produce e cal é a túa opinión ao respecto?

## **Bloque 3**

Recursos a empregar:

“Muerte a los sindicatos”:

<http://blog.comfia.net/gallery/37/ART%20CDCULO%20DE%20I%20D1AKI%20%20GABILO%20NDO.pdf>

¿Por qué atacan tanto a los sindicatos?: <http://www.attac.es/2011/01/17/por-que-atacan-tanto-a-los-sindicatos/>

“El sindicato nos lo robaron. ¿Dónde estará el sindicato?”:

<http://www.attac.es/2011/08/14/el-sindicato-nos-lo-robaron-donde-estara-el-sindicato/>

“Los sindicatos, más necesarios que nunca”: <http://www.attac.es/2009/09/28/los-sindicatos-mas-necesarios-que-nunca/>

Preguntas:

1. Cales son os puntos en común destes artigos? Por que motivos din os autores que se está a tratar de desprestixiar aos sindicatos? Estás de acordo?
2. Que mensaxe cres que intentan transmitir en relación aos sindicatos?
3. Nalgúns destes artigos fálase doutros países, como Estados Unidos, onde os sindicatos perderon forza. Que efectos tivo esta diminución? Pensas que isto reflicte a importancia que teñen os sindicatos en relación a manter unhas boas condicións laborais?

#### **Bloque 4**

Recursos a empregar:

Juan.M Martínez: "CCOO y UGT han dejado de ser los sindicatos de la clase trabajadora"- Salvados: <https://www.youtube.com/watch?v=IE8fJ9dcR2s> (Duración: 4:37)

Salvados - "Cuando luchas puedes ganar, pero si no luchas seguro que pierdes": <https://www.youtube.com/watch?v=WcKiZ2VaHmw> (Duración 7:13).

## Preguntas:

1. Que imaxe se amosa dos sindicatos no primeiro vídeo? Por que cres que Juan M. Martínez di que CCOO e UXT deixaron de ser os sindicatos da clase obreira?
2. Se comparas este vídeo co da fábrica francesa. Que diferenzas atopas entre a loita sindical española e francesa?
3. Despois de ver os vídeos, pensas que é importante que os sindicatos adopten medidas como a folga para defender os dereitos dos traballadores?
4. Aínda que os vídeos pertencen a programas diferentes. Que visión global pensas que transmite LaSexta dos sindicatos? Pareceche que se está a criticar, aínda que non sexa dun xeito explícito, a falta de actuación dos sindicatos españois?

## **Anexo VIII: Actividade 5 “Análise do convenio colectivo aplicable ao título do sector”**

A actividade no blog pode consultarse na seguinte ligazón:  
<https://construindofol.wordpress.com/2016/06/09/analise-do-convenio-colectivo/>.

Como recoller capturas de pantalla ocuparía moito espazo, achégase unha pequena captura que demostra que a actividade está subida no blog:



## **Análise do convenio colectivo**

🕒 9 junio, 2016   📁 Actividades   🏷️ Convenio, Tema 8   ✎ Editar

A continuación, amósase como se formula a actividade no blog:

Como sabedes, é esencial que vós, como futuras traballadoras, sexades quen de coñecer os vosos dereitos e obrigas, así como o marco no que se recollen as vosas

condicións laborais. Por iso, para a realización desta actividade deberedes analizar o convenio colectivo do voso sector (convenio colectivo estatal para perruquerías, institutos de beleza e ximnasios) en grupos de tres persoas. A cada grupo se lle asignará un número, de xeito que teredes que contestar á pregunta que leve o mesmo número que o voso grupo.

Unha vez respondades ás cuestións de forma fundamentada, teredes que ler as respostas das vosas compañeiras e publicar, como mínimo, dous comentarios nas súas argumentacións, onde expresedes criticamente a vosa opinión sobre o aspecto do convenio comentado.

As preguntas son as seguintes:

1. Buscade no convenio as condicións de traballo xerais (horario, salario, xornada e vacacións). Credes que é un bo convenio? Por que?
2. Existe no convenio algunha medida de conciliación da vida familiar e laboral? Cal é a vosa opinión? Que medidas credes que debería incluír?
3. Que acontece cando finaliza o período de vixencia do convenio? Aplícase o cambio producido pola reforma laboral?
4. Que recolle o convenio en relación coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes? Cal é a vosa opinión? Debería incluír algunha cuestión máis?
5. Mellora o convenio os permisos retribuídos establecidos polo Estatuto dos Traballadores que se viron na unidade da xornada de traballo?
6. Mellora o convenio as porcentaxes de retribución nos dous anos de duración dun contrato de prácticas? Lembraide que estas porcentaxes se viron na unidade do contrato de traballo.

## Anexo IX: Actividade 7 “As folgas xerais en España”

A actividade no blog pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://construindofol.wordpress.com/2016/06/09/analise-do-convenio-colectivo/>.

Como recoller capturas de pantalla ocuparía moito espazo, achégase unha pequena captura que demostra que a actividade está subida no blog:

Actividades Actualidade Marcadores sociais Orientación

## As folgas xerais en España

9 Junio, 2016 Actividades Folgas, Sindicatos, Tema 8 Editar

A continuación, amósase como se formula a actividade no blog:

Para a realización desta tarefa teredes que formar seis grupos de tres persoas cada un. De seguido, amósase unha listaxe na que se recollen as folgas xerais que se levaron a cabo en España dende o ano 1978 ata hoxe. Desta listaxe, deberedes escoller unha das folgas que non elixiran as vosas compañeiras previamente, polo que tedes que ser rápidas á hora de escoller.

Listaxe das folgas xerais:

- 5 de abril de 1978.
- 20 de maio de 1985.
- 14 de decembro de 1988.
- 28 de maio de 1992.
- 27 de xaneiro de 1994.
- 20 de xuño de 2002.
- 29 de setembro de 2010.
- 29 de marzo de 2012.
- 14 de novembro de 2012.

Cando os grupos teñades cadansúa folga, deberedes buscar información na rede sobre a folga elixida, atendendo, como mínimo, ás seguintes cuestións: quen convocou a folga, por que se convocou, seguimento da folga e logros acadados. Se considerades que hai algún outro aspecto salientable, debedes incluílo, pois valorarase positivamente.

Para axudarvos nesta tarefa de busca de información, achégovos unha serie de enlaces que recollen información xeral sobre estas folgas. Deste xeito, teredes información que vos servirá de base para consultar máis datos sobre as folgas. Os enlaces son os seguintes:

- Gráfico das folgas xerais da democracia : <http://www.20minutos.es/graficos/las-huelgas-generales-de-la-democracia-12/0/>
- Información xeral sobre as oito primeiras folgas xerais da democracia: <http://www.elmundo.es/elmundo/2012/11/06/economia/1352215513.html>
- Información xeral sobre as seis primeiras folgas xerais da democracia: [http://economia.elpais.com/economia/2010/06/14/actualidad/1276500781\\_850215.html](http://economia.elpais.com/economia/2010/06/14/actualidad/1276500781_850215.html)
- Información xeral sobre algunhas folgas xerais da democracia: [http://www.teinteresa.es/politica/Repaso-historico-huelgas-generales-Espana\\_0\\_660534517.html](http://www.teinteresa.es/politica/Repaso-historico-huelgas-generales-Espana_0_660534517.html)
- Información sobre a folga xeral do 14 de novembro de 2012: <http://www.rtve.es/alcanta/videos/telediario/huelga-general-del-14n-consume-ultimas-horas/1579320/>

A continuación, elaboraredes un mural dixital. Para isto, recoméndovos empregar a aplicación “mural.ly” (<https://mural.co/>), mais, se coñecedes algunha outra plataforma onde poder realizar a actividade, podedes utilizala. Aquí tedes un vídeo onde se



amosa información sobre a utilización de “mural.ly”.Igualmente, recoméndase que o mural sexa visual, é dicir, non abusedes do texto.

<https://www.youtube.com/watch?v=Po2VpbeKeSw>

Recordade que podedes consultarme calquera dúbida que teñades.

Unha vez rematedes o mural, tedes que descargalo como imaxe (no vídeo explícase como facelo) e subilo nesta entrada do blog, de xeito que podades realizar comentarios nos traballos das vosas compañeiras, expresando a vosa opinión e os aspectos que considerades que se poden mellorar. Como se fixo nas actividades anteriores, é obrigatorio publicar un mínimo de dous comentarios.

Por último, nos primeiros 30 minutos da seguinte sesión, ides expoñer os vosos traballos mediante a proxección do mural na aula, explicando o que aconteceu na folga elixida e facendo unha breve conclusión na que amosedes a vosa opinión sobre a utilidade da folga utilizada como medio para loitar polos dereitos dos traballadores e traballadoras fronte ás medidas adoptadas polo goberno que reducen estes dereitos. Cada exposición terá unha duración máxima de cinco minutos.

## Anexo X: Exemplo de mural na aplicación “mural.ly”



## Anexo XI: Instrumentos de avaliación

### a) Ficha de autoavaliación

Nome e apelidos:

Participación	Puntuación (1-5)	Comentarios (aspectos a mellorar)
Asistencia ás sesións de traballo		
Puntualidade na realización das tarefas		
Contribución á creación dun bo ambiente de traballo		
Receptividade ante as críticas		
Contribución á motivación do grupo		
Aprendizaxes adquiridas		
Outras cuestións que consideres importantes		

Indica a porcentaxe que consideras que che corresponde na contribución ao traballo do grupo (de 0 a 100)

**b) Ficha de coavaliación**

<b>Coavaliación (puntuar de 1 a 5)</b>			
<b>ITEMS</b>	<b>Alumna 1</b>	<b>Alumna 2</b>	<b>Alumna 3</b>
Asiste ás sesións de traballo			
Participa activamente no grupo achegando ideas útiles			
Respecta as opinións dos demais e acepta as críticas			
Motiva ao grupo			
Axuda ás compañeiras			
O traballo que realiza é de calidade			
Ten iniciativa á hora de asumir tarefas			
<b>TOTAL</b>			

**c) Rúbricas**

- Rúbrica para a avaliación das actividades grupais, agás da actividade 7 (inclúese na páxina seguinte, ao atoparse en orientación horizontal)

Rúbrica adaptada da atopada en: <http://fjpalmayelabp.blogspot.com.es/2014/06/linea-del-tiempo.html> (Palma, 2014)

<b>Critérios</b>	<b>Moi alto (10-9)</b>	<b>Alto (8-7)</b>	<b>Medio (6-5)</b>	<b>Baixo (&lt;5)</b>
Control da eficacia do grupo	Todos os membros controlan a eficacia do grupo e traballan para que sexa máis efectivo.	Todos os membros usualmente controlan a eficacia do grupo e traballan para que sexa máis efectivo.	Todos os membros do ás veces controlan a eficacia do grupo e traballan para que sexa máis efectivo.	Todos os membros do grupo rara vez controlan a eficacia do grupo e non traballan para que sexa efectivo.
Calidade do traballo	O documento entregado responde exactamente a tódalas cuestións, dándose unha idea clara e argumentada do tema abordado.	O documento entregado responde exactamente a case tódalas cuestións, e dáse, respecto a elas, unha idea clara e argumentada do tema abordado.	O documento entregado responde exactamente a algunhas cuestións, e dáse, respecto a elas, unha idea clara e argumentada do tema abordado.	O documento entregado responde exactamente a case ningunha das cuestións, e dáse, respecto a elas, unha idea clara e argumentada do tema abordado.
Presentación do traballo	O traballo non ten faltas de ortografía nin puntuación, polo que pode lerse fluidamente.	O traballo ten varias faltas de ortografía e puntuación, o que dificulta lixeiramente a súa lectura.	O traballo ten bastantes faltas de ortografía e puntuación, o que dificulta a súa lectura.	O traballo está cheo de faltas de ortografía e puntuación, o que dificulta enormemente a súa lectura.
Traballando en grupo	Os membros escóitanse e apóianse uns aos outros, mantendo a unión entre eles.	Os membros usualmente se escoitan e apoian uns aos outros, sen que existan problemas no grupo.	Os membros ás veces se escoitan e apoian uns aos outros, mais algunhas veces hai problemas no grupo.	Os membros case nunca se escoitan e apoian uns aos outros, e frecuentemente hai problemas no grupo.
Contribucións	Os membros sempre participan activamente e proporcionan sempre ideas útiles.	Os membros adoitan participar activamente e adoitan proporcionar ideas útiles.	Os membros ás veces participan activamente e ás veces proporcionan ideas útiles.	Os membros rara vez participan activamente e rara vez proporcionan ideas útiles.
Aproveitamento das capacidades do grupo	O grupo identifica as fortalezas de cada membro e as ten en conta para repartir as tarefas.	O grupo identifica as fortalezas de cada membro, mais non as ten en conta para repartir as tarefas.	O grupo ten dificultades para identificar as fortalezas de cada membro e non as aproveita no reparto de tarefas, aínda que procura telas en conta.	O grupo non identifica as fortalezas de cada membro, polo que non as ten en conta no reparto de tarefas.
Interacción con outros grupos	O grupo sempre comenta os traballos de tódolos demais. Así mesmo, sempre contesta aos comentarios que as compañeiras fan sobre o seu propio traballo.	O grupo adoita comentar os traballos de tódolos demais. Así mesmo, adoita contestar aos comentarios que as compañeiras fan sobre o seu propio traballo.	O grupo cumpre co mínimo de comentarios requiridos nas actividades. Así mesmo, ás veces contesta aos comentarios que as compañeiras fan sobre o seu propio traballo.	O grupo rara vez comenta os traballos dos demais e rara vez contesta aos comentarios que as compañeiras fan sobre o seu propio traballo.

- Rúbrica para a avaliación da exposición oral da actividade 7

Rúbrica adaptada da atopada en: <http://fjpalmayelabp.blogspot.com.es/2014/06/linea-del-tiempo.html> (Palma, 2014)

<b>Criterios</b>	<b>Moi alto (10-9)</b>	<b>Alto (8-7)</b>	<b>Medio (6-5)</b>	<b>Baixo (&lt;5)</b>
Preparación	Exposición moi fluída. O grupo amósase moi seguro, sen titubeos, mirando ao público.	Exposición fluída. O grupo amósase seguro, aínda que con algún titubeo e non sempre mira ao público.	Exposición non moi fluída. O grupo amósase algo nervioso, con bastantes titubeos e non mira demasiado ao público.	Exposición moi pouco fluída. O grupo amósase nervioso e inseguro, rectifica moito e non mira ao público.
Léxico	O grupo utilizou correctamente unha linguaxe formal e un dominio do vocabulario específico do tema.	O grupo utilizou algunhas xergas e amosou dominar un vocabulario axeitado.	O grupo empregou mal algunhas palabras ou frases, con xergas e non amosou dominar completamente o vocabulario.	O grupo cometeu demasiados erros ao falar, e en absoluto amosou ter dominado o vocabulario.
Tempo	O grupo utilizou o tempo axeitado e pechou correctamente a presentación.	O grupo axustouse ao tempo previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente alongado polo defecto do control do tempo.	O grupo utilizou o tempo axeitado, mais non pechou a presentación.	O grupo non se axustou ao tempo previsto e a presentación foi excesivamente longa ou insuficiente para desenvolver o tema axeitadamente.
Apoio visual	Soporte visual atractivo e axeitado.	Soporte visual axeitado.	Soporte visual mellorable.	Soporte visual non axeitado.
Interese	O grupo atrae a atención do público e mantén a interese durante toda a exposición.	O grupo atrae a atención do público, aínda que nalgún momento apreciouse neste algunha distracción.	O grupo atrae a atención do público ao principio, mais é algo monótona, o que provoca que o público se distraia frecuentemente.	O grupo non atrae a atención do público en ningún momento, que está totalmente distraído.
Información adicional	Engádense moitas máis cuestións vinculadas á folga das requiridas	Engádense algunha cuestión máis vinculada á folga das requiridas.	Apenas se engaden máis cuestións vinculadas á folga das requiridas.	Soamente se tratan as cuestións vinculadas á folga requiridas.

d) Proba mixta

- Cales son as competencias dos delegados/as de persoal e membros do comité de empresa?
- Pensas que os sindicatos son importantes nunha sociedade democrática? Razona a túa resposta. Para iso, pensa nas diferentes cuestións abordadas na clase: importancia histórica dos sindicatos, logros acadados, que acontece naqueles países onde non teñen forza, o tratamento que reciben nos medios de comunicación...

## Anexo XII: Cuestionario de valoración de docencia

Adaptado do cuestionario atopado en:

[https://mi.urosario.edu.co/fileadmin/evaluacion\\_profesores/politicas/formato\\_eval\\_estudiantes.pdf](https://mi.urosario.edu.co/fileadmin/evaluacion_profesores/politicas/formato_eval_estudiantes.pdf). (s.d.)

Por favor, neste cuestionario anónimo de valoración do teu profesor, indica o teu grao de acordo coas seguintes afirmacións, onde 5 = completamente de acordo e 1 = completamente en desacordo.

	1	2	3	4	5
Demostrou ter dominada a materia					
Promoveu o desenvolvemento dun pensamento crítico					
Comunicouse de xeito claro					
Creou un bo ambiente na clase					
Asistiu puntualmente ás sesións					
Foi respectuoso co alumnado					
Mostrou interese en responder as preguntas do alumnado					
Fíxose un bo uso das tecnoloxías dixitais					
As explicacións foron atractivas e produtivas					
Fomentou a participación do alumnado					
As actividades realizadas facilitaron a comprensión dos diferentes temas					
Os contidos e as actividades resultaron interesantes					

Preguntas abertas:

1. Que aspectos gustáronche máis do módulo de FOL? Que mellorarías?
2. En que aspectos destaca positivamente o profesor? Que aspectos consideras que debe mellorar?

## **Fe de erratas**

Faise constar que no Traballo Fin de Mestrado “A participación das persoas traballadoras na empresa. Unidade didáctica do módulo de FOL”, con data 15 de xuño de 2016, advertíronse os seguintes erros:

1. Na páxina 42 non se especifica o paso da quinta á sexta sesión.
2. Nas actividades 2 (páx. 38), 4 (páx. 40) e 5 (páx. 41) dáse a entender que os grupos poden ser os mesmos que os formados en actividades anteriores. Non obstante, os grupos DEBEN ser os mesmos que nas actividades anteriores.
3. Na páxina 16, ao falar das rúbricas, recóllese o seguinte: “É dicir, unha vez obtida a cualificación do grupo utilizando a rúbrica, esta cualificación incrementarase ou reducirase en función dos datos extraídos das fichas de auto e coavaliación”. Esta expresión debería cambiarse pola seguinte: “É dicir, mediante a rúbrica obterase unha cualificación do grupo, mentres que a cualificación individual de cada membro variará en función dos datos extraídos das fichas de auto e coavaliación”.
4. Nas medidas de afondamento (páx. 49) cómpre engadir a visualización da película Norma Rae (1979), que recolle as dificultades que unha muller atopa para fundar un sindicato na súa fábrica.

Asinado,

Josué Vilches Losada

